



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 10 DE MARZO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

AUSENTES

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

Interventora de fondos

D^a. EVA FERNANDEZ GARCIA

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12:00 horas do día 10 de marzo de 2014 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



O Sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todas e a todos, empezamos entonces este Pleno Ordinario, co primer punto da orde do día que é a Aprobación da acta anterior.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Con carácter previo al inicio de la Sesión Plenaria hay una solicitud para declarar el 24 de febrero, como día de Rosalía, es la declaración institucional

SOLICITUDE DE DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA E PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA SÚA OBRA E DO SEU COMPROMISO VITAL

A Sra. González toma a palabra (BNG): 177 anos despois do seu nacemento, Rosalía ten plena vixencia, polo que o BNG quere aproveitar a data do 24 de febreiro, data do seu nacemento, para reivindicar a súa personalidade tanto como poetisa universal, como defensora da lingua e dos dereitos da muller e da clase traballadora do seu tempo. Sen dúbida algunha sen Rosalía de Castro, o século XIX en Galiza, non sería o que foi, polo que o século XX tampouco, en tanto e sobre todo ó que significou a súa obra de novo espertar da conciencia do idioma, e polo tanto de País, de Nazón. Ela é o símbolo do rexurdimento galego, máis non só iso, ela é un revulsivo contra anos de dominio estrutural, tanto no político e no económico, coma no lingüístico, relixioso, xurídico e cultural. Ela foi a primeira feminista galega, sendo medular na súa obra a preocupación pola fortuna das mulleres e por todo o universo feminino galego, por iso tamén no 8 de marzo, hai dous días, hai que lembrar o seu amor consciente e activo con Galicia, levouna a escoller a maioría social, as clases populares como protagonistas da súa obra. Rosalía soubo captar a inxusticia do seu tempo, nunha mensaxe social que está plenamente vixente, no contexto actual desta crise desbastadora do estado do benestar, que padecemos os galegos e galegas, e tamén, nos sinais de identidade que ela defendeu. Este feminismo, esta mensaxe social, esta defensa afervorada de Galiza, este compromiso radical co pobo, coa muller galega, coa identidade, co País, de seguro foi a razón polo que o Partido Popular decidiu ocultala e non recoller o 24 de febreiro de 2014, como día de Rosalía; pero o BNG, non vai permitir que Rosalía de Castro caia no esquecemento, polo que seguindo as directrices da Asociación de escritores e escritoras en lingua galega, nós propoñemos ó Pleno Municipal de Barbadás que se declare o 24 de febreiro Día de Rosalía no Concello; que se solicite á Xunta que se recupere a incorporación do Día de Rosalía ó seu Calendario de Libro e de Lectura; emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen o conxunto dos veciños e veciñas do non Concello



o 24 de febreiro. Entre estas actividades estarán as de pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais, etc; Realizar unha lectura pública da obra rosaliana no lugar destacado do Concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural, teñan o papel protagonista e desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas ou conferencias sobre a súa obra e figura.

Evidentemente dende o BNG queremos deixar claro que a nosa pretensión non é unha celebración ritual, senón darlle vida ós 365 días do ano, poder enorgullecernos dunha poetisa nacional da embergadura de de Rosalía, que merece desde o noso punto de vista un respecto institucional á altura.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois como é unha declaración institucional, pois esto loxicamente, supoño que todos nos vamos a adherir a ela, y non requiere debate, obviamente

O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE): Rosalía, como ben di Ánxela, é a “alma mater” do rexurdimento galego, non só da súa cultura, senón do seu idioma e tamén da súa historia, a través do seu marido. Entre ela e o seu esposo sentaron as bases da nova cultura galega, do rexurdimento da cultura galega, polo tanto evidentemente temos que subscribir ó cen por cen o que transmite Ánxela e apoiamos integramente a súa declaración.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós exactamente igual como dixemos ó principio, entón dito isto

A sra. Secretaria toma a palabra: Todos los partidos se adhieren a esta Declaración Institucional por unanimidad.

“Aprobación por unanimidade da solicitude para delcarar o 24 de febreiro Día de Rosalía e para realizar actividades que promovan o coñecemento da súa obra e do seu compromiso vital”

PARTE RESOLUTIVA:

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entón ó seguinte punto que é a aprobación da acta anterior, do 13 do 1 do 2014, que teñen todos copia loxicamente, e se queren facer algunha alegación este é o momento.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): O Bloque Nacionalista Galego vai votar a favor desta acta,



porque entendemos que se fixo un esforzo grande por parte da Secretaría para recoller e resumir o que se fala nos Plenos do Concello de Barbadás, máis aínda así, hai algunhas, sobre todo as intervencións cando se interrompe aos membros da oposición, máis en concreto, cando o Tenente de Alcalde, interrompe ós membros da oposición, convértese nun diálogo de besugos, non se entende, quedan as frases a medio explicar, claro ó pasalo a papel hai que cortar a frase da persoa que está falando porque outro interrompe, cando retomas a palabra xa non ten ningún significado, quedan oracións sin predicado; nós entendemos que ou non se pode interrompir a quen está falando, máis que o imprescindible que a veces no debate é necesario, ou que non se recolla a esas persoas que interrompen para dicir cousas que non teñen ningún interese, e que se fan eu creo que a mantenta para interromper, y perder o fío do que se está dicindo, y a veces, entón da a sensación de que estamos dicindo, non se entende, e parece que estamos dicindo tonterías, que quedas así con unha palabra, con unha frase, intervén Manolo, intervén Freire, intervén tal, intervén outro y non se entende moi ben, pero bueno, votamos a favor porque entendemos que polo menos se están recollendo dunha forma eficiente

O sr. Valcárcel toma a palabra: Imos votar a favor, facendo a matización, de que o Alcalde é quen debe moderar a sesión, e que debe dar o uso da palabra e retiralo, entón entendo que se debe favorecer a ausencia de interrupcións, e que permitan que haxa un debate fluído, ou unhas intervencións fluídas

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno pois entón entendo que con esas declaracións, queda aprobada por unanimidade, o primeiro punto da orde do día.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte punto:

“Aprobación da acta do 13 de xaneiro de 2014”

2- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos o seguinte punto que é a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar, eu doulle a palabra para isto para que explique a interventora, ten a palabra a Interventora.

A sra. Interventora toma a palabra: Tráese a Pleno a Modificación da ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar, para adaptala ó Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía personal, así como a atención ás persoas



en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. Este Decreto dálle unha nova redacción aos artigos 14.2 e 59 e 61 do Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dito, unha introducción pola Interventora, como todos teñen copia do que é a ordenanza, e a ordenanza é de obrigado cumprimento, pois sométese a debate, este tipo de ordenanza para que os grupos estimen oportuno, as súas sugerencias

O sr. Fírvida toma a palabra: Como nos acostuma facer o grupo do Partido Popular en este Concello, nos traen modificacións de ordenanzas fiscais, e déixannos entrever tamén nas Comisións, que é unha cuestión legal, é unha cuestión xurídica de adaptación dunha ordenanza municipal á Lexislación Autonómica ou Estatal sin nada máis de fondo, y esto é todo o contrario ó que está acontecendo, é todo o contrario, o que menos importa desta ordenanza fiscal é este papel, o que vostedes intentan modificar, esto non ten ningunha importancia para a cidadanía do noso Concello; si que a ten, porque o suben, a pesar de que vostedes nos dixeron nas Comisións que non subían, si que suben e o vou demostrar; pero a parte diso o que ven neste Pleno, nesta taxa fiscal non ten ningunha importancia, o que realmente ten importancia para a cidadanía de Barbadás, son os recortes en sanidade que se veñen sufrindo desde que o Partido Popular goberna en Galiza e no Estado Español, recortes onde os pensionistas por primeira vez dende hai moitas décadas, teñen que pagar as medicinas, recortes onde se lles obriga a moita xente a pagar incluso os tratamentos intrahospitalarios, enfermos de cancro, enfermos de hepatite, enfermos de enfermidades crónicas moi graves, persoas maiores, que antes eran trasladadas en ambulancia y que agora teñen que pagar polas mesmas; colectivos de maiores que estamos empobrecendo a través da carga fiscal que están facendo pagar, porque agora non só hai que pagar impostos, tamén hai que pagar impostos sobre a enfermidade. Pensións que se, axudas que se van recortando no Estado Español, como as axudas nas pensións non contributivas, nas pensións sobre todo naquelas que dependían da Lei de Dependencia, a Seguridade Social das persoas que coidaban, das mulleres que coidaban ós seus familiares maiores, o que impiden que estén agora afiliadas á Seguridade Social, recortes que afectan sobre todo ás mulleres, que son as que reciben en maior medida as cargas familiares das persoas dependentes, e agora vostedes nos traen unha modificación dunha ordenanza fiscal de axuda no fogar, cando a Xunta de Galiza deixa de prestar a Lei de Dependencia, e vostedes intentan suplir todas esas carencias unicamente con dez traballadoras,



dez traballadoras, cando en algún momento chegaron a ser catorce, quince, ou creo que algunha máis, había máis de dez, e agora son dez, e nós entendemos que con dez traballadoras é absolutamente insuficiente poder prestar todos os servizos sociais, que se deixaron de prestar desde que o Partido Popular goberna na Xunta de Galiza. Entre eles hai carestías moi graves neste Concello, unha das máis importantes é a necesidade dun Centro de Saúde, ano 2009, eleccións municipais

O sr. Alcalde toma a palabra: Non estamos falando da ordenanza que se está sometendo a debate, por favor.

O sr. Firvida toma a palabra: Si, estamos falando do servizo, entonces eu estou moi equivocado, porque eiquí pon ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar, si non podemos falar do Centro de día de Barbadás, que vostede prometeu, vostede prometeu señor Alcalde,

O sr. Alcalde toma a palabra: Está falando do Centro de Salud, do Centro de día, por favor cíñase ó punto

O sr. Fírvida toma a palabra: Xa estamos interrompindo, vostede señor Alcalde, prometeu, prometeu construír no noso Concello, no ano 2009. Hai cinco anos que o prometeu construír, ¿ulo o Centro de día de Barbadás?

O sr. Alcalde toma a palabra: Se non se ciñe ó punto da orde do día retírolle a palabra, síntoo moito, porque vai traer outra moción para falar deso, non vaia a repetir o mesmo.

O sr. Fírvida toma a palabra: Voume ceñir, naquel Centro de día, e quedou totalmente no esquecemento, demostrando unha vez máis que vostedes non fan máis que mentir, e voume ceñir á ordenanza que vostedes nos traen equí, e que nos din que non suben, pois mire, eu o que fixen foi pedir a ordenanza fiscal vella, e comparar, e resulta que por facer varias comparacións, fixen varias comparacións, en varios tramos para non equivocarme, pero vou a dar tres exemplos, persoas co IPREM inferior o 200%, con un grao 2, é decir, con menos ou igual de 45 horas de prestación de servizos ó mes, pois antes pagaban o 12,16%, non, antes pagaban 10,87% e agora pasan a pagar o 12,16%, o que supón pasar de pagar 1,13 €/hora a pagar 1,26€/hora, o que suporía en estas 45 horas, pasar de pagar 45 € a pagar 50,40 céntimos, unha suba do 11,5%, están vostedes subindo as taxas do servizo de axuda no fogar máis do 11%, e lles parecerá pouco que suban o 11%, desde logo os salarios non subiron o 11% este ano, nin o 11, nin o 3, nin o 0%, baixaron; as pensións, baixaron, porque se conxelaron e se subiu o IPC; o salario mínimo interprofesional, está conxelado, e vostedes atrevéense a traer unha ordenanza fiscal do servizo de axuda no fogar, que é aqueles servizos que precisan, é que hai que lembralo, precísano as persoas maiores que viven soas, maioritariamente, que sufren algún



problema de dependencia, maioritariamente, e que teñen problemas económicos, e vostedes súbenlle o 11%, despois de todos os recortes que aplica o Estado e a Xunta, e se quedan tan panchos, lles da absolutamente igual, como si nada pasara por eiquí. No, vou pór outro exemplo, IPREM, 400%, grao 2 \leq de 45 horas, pasa do 13,90, do 12,42 ó 13,90%, pasaría de pagar 53 € a 60 €, de 53 a 60 €, un incremento do 11,90%, casi o 12% de incremento, e teño máis tramos estudados, e todos os incrementos son superiores o 11%. Isto é o que vostedes nos traen eiquí, pero non lles chega só con subir o servizo de axuda no fogar, senón que ademais empezan a cobrar, y esto si que é ex novo, empezan a cobrar y enganden nesta ordenanza fiscal, din vostedes porque manda a Xunta de Galiza, claro está, vostede todo o que manda a Xunta de Galiza, e como si fora palabra divina, é palabra de Dios, non se cuestionan absolutamente nada, cóbranos 300.000 € da recollida do lixo, Sogama, incrementando as taxas, no pasa nada; cobran os comedores escolares, non pasa nada; suben axuda no fogar, non pasa nada, eiquí nunca pasa nada, vostedes están aí postos, non sabemos non sabemos para que, o da Autonomía Municipal non sabemos para que existe, porque estamos absolutamente intervidos pola Xunta de Galiza, non temos autonomía nin sequera para esto, y agora van cobrar por primeira vez servizos accesorios moi necesarios, que antes non se cobraban, como adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia, actividades de acompañamento, socialización, desenvolvemento de hábitos saudables, servizo de préstamo de axudas técnicas, estos servizos antes non se cobraban, e agora pásanse a cobrar, como non sabemos cal é o prezo, non podemos debatilo, síntoo moito, claro non hai comparación, porque a comparación sería infinitesimal, pásase de non cobrar, a cobrar unhas porcentaxes que non sabemos cal é o custe dos servizos, só sabemos as porcentaxes, porque vostedes non foron capaces, nin sequera nesta ordenanza fiscal, decirlle ós cidadáns de Barbadás, canto lle van a cobrar pola prestación destes servizos, non o pon en ningún lado, polo tanto, nós entendemos que sendo o menos importante esta ordenanza fiscal, vostedes están enganando outra vez ós cidadáns, estánlles cobrando cada vez máis, polos servizos que se tiñan que prestar dende a Xunta de Galiza y con carácter gratuíto, e vostedes lles están cobrando encima por un servizo mal prestado, un servizo que hai un rural moi importante neste Concello, con moita xente maior, con moitas necesidades do servizo de axuda no fogar, e vostedes teñen unicamente dez traballadoras, que non dan cuberto todo o servizo, e polo tanto as persoas están sin atender, y encima cobrándolles cada vez máis, e máis, e máis, eso é o que fan vostedes cos maiores deste País

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro ou voceira do PSOE.



A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Bos días, aínda sendo conscientes de que é necesario adaptarse á lexislación vixente, os continuos cambios que, obedecen a decisións políticas señor Alcalde, decisións que toma o seu compañeiro de partido Núñez Feijóo, e que teñen consecuencias, como ben decía o compañeiro Fírvida, como son as de encarecer os servizos públicos, neste caso os servizos sociais. Son tantas as modificacións do servizo de axuda no fogar, que xa perdemos a conta, sen ir máis lonxe, en setembro aprobamos un cambio que deixaba no 65% o importe de participación económica, que deberán ingresar os usuarios beneficiarios do copagamento de dependentes como máximo, dende que Feijóo chegou á Xunta, os recortes ós servizos sociais convertíronse en machadazos, agora as administracións non están para axudar e apoiar os usuarios, está claro, senón para recadar, e o concepto copagamento fíxose practicamente obrigatorio, e se en setembro se fixaba como dicía no 65% o tope máximo, atopámonos tan só 6 meses despois, cunha nova coitelada ó servizo de atención ós dependentes, o copagamento, case se pode deixar de chamar así, porque os usuarios terán que custear case o cento por cento do servizo. A modificación que traen hoxe equí a Pleno, deixa no 90% o importe máximo do 65 ó 90 %, o importe máximo de participación de usuario, no repagamento, porque esto xa non é copagamento, é repagamento, ou súper pagamento. Isto é un ataque frontal, segundo o Partido Socialista, a servizos tan básicos como o de axuda no fogar para persoas dependentes, as que máis o necesitan precisamente. Dende os poderes públicos gobernados polo Partido Popular, o único que pretenden con estes decretos, que modifican unha e outra vez, e volver a ser cambiados en meses, e só mermar a calidade de vida pouco a pouco, decreto tras decreto, decreto tras decreto, ímonos quedando sen dereitos. Dende o Partido Popular están acabando co estado de benestar, e se no mes de setembro se decía textualmente na ordenanza que abordamos no Pleno, que o obxecto da mesma era a regulación da capacidade económica do servizo de axuda no fogar, desenvolvido polo Concello de Barbadás, un mes despois a redacción converteuse nunha normativa, coa finalidade económica parece ser a única, mentras que o final o fin social dilúese nas cifras. Agora falan vostedes de capacidade económica, de participación no financiamento das persoas usuarias, é dicir, falan de beneficio, de cartos, de ingresos, ¿onde quedaron o interese social?, a axuda ó que máis o precisa, a atención ós desfavorecidos, ¿onde quedaron?. Os gobernantes do Partido Popular queren converter, os piares do estado de benestar, en mero mercantilismo, e en Barbadás, está facendo seguidismo, deste esquema. Con estes sucesivos cambios, o único que conseguen é botar en mans da iniciativa privada, ós usuarios dos servizos públicos, porque isto é precisamente o que buscan, destruír o público; a un usuario medio vaille resultar incluso



máis rentable recorrer a unha empresa, ou a un profesional para atendelo, porque afrontalo a través do Concello, vai resultar farragoso, burocrática e administrativamente e moito máis custoso, claro o incremento do 65 ó 90 % na aportación do usuario non é o único negativo, outro aspecto que actúa en detrimento das economías das familias con dependentes, é a nova clasificación en graos, a que se refería antes o compañeiro Fírvida, cando se fala en atención en servizos complementarios, a partir de agora estará todo tan compartimentado que o único que se persegue é cuantificar todos e cada un dos servizos, cobrar, cobrar e cobrar, por servizos públicos, señor Alcalde, e non só cobrar, senón encarecer mes tras mes, ou cada semestre, virá outro decreto do seu compañeiro Feijóo, e volverá a encarecer, o único que se conseguirá con estos cambios, moitos nos tememos, é que nos veñan por capítulos, e propiciar que a cidadanía perda a confianza na prestación dos servizos públicos, vostedes queren botarnos en mans das empresas privadas, e non as podemos pagar en moitos casos. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno, miren, como aquí do único que se trata é de adaptar a ordenanza ó Decreto 149/2013, do 5 de setembro, o resto todo que se poda facer son conxeturas e son suxerencias, en todo caso, quixera ver o que van a facer onde gobernan, tanto o BNG como o PSOE , que estou seguro que van a facer o mesmo do que vamos a facer nós, eu esto non creo que teña máis discusión, non da máis de si, a cousa é simplemente adaptar unha normativa de obrigado cumprimento, e punto.

O sr. Fírvida toma a palabra: E punto, é o único que se trata, cobrar, acabamos de escoitalo, do único que se trata en Barbadás é de como se cobra, e canto se cobra. Temos un Concelleiro de Asuntos Sociais, polo menos así figura nas actas, non sabemos para que está, nin por que está, que ten un salario, pero intervén vostede no servizo de axuda no fogar, cada vez que ven unha modificación, e no sei xa cantas, Ánxela leva a conta das veces que temos falado no Pleno do servizo de axuda no fogar, ou das ordenanzas fiscais reguladoras de todas estas cuestións, y aínda non sabemos nin unha sola intervención, pero do que se trata é de cobrar. Vostede non quere que lembremos as súas promesas electorais do ano 2009, e sen embargo vostede nos lembra a nós, que faremos nos gobernos do Bloque Nacionalista Galego, pois voullo dicir, voullo dicir, na Bola hai un Centro de día, y hai unha gardería pública, en Maceda tamén, en Allariz, vaia a ver o Centro de día que teñen, vaia a velo, vaia a ver os servizos que presta Allariz, na axuda no fogar, e ó mellor pensa que é ciencia ficción aquilo, vaia, vaia alí a visitalo, e así todos os Concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego, e senón compróbeo vostede, pero nós estamos vivindo en Barbadás, e sabemos que vostede leva cinco



anos prometendo un Centro de día, que non cumpre, polo tanto, vostede é un mentiroso, porque non ten outro nome, y esta ordenanza fiscal non é única y exclusivamente para aprobar non sei que nos ven da Xunta, non, e para cobrarlle aos seus veciños e veciñas, por unhos servizos que vostedes prestan, en condicións moi deficientes, y cada vez lles cobran máis, y cada vez prestan menos servizos, y cada vez o Estado lles cobra máis, e cada vez a Xunta lles cobra máis, e teñen menos prestaciós, e menos pensións, e vostede lles incrementa todavía impostos municipais, porque estos non deixan de ser taxas municipais, e di que da igual, que esto total, que ven a Pleno, pero vamos, que non ten ningunha importancia; pois mire vostede, que lle suban un 11% a unha persoa que teña unha renda non contributiva de 426 € ó mes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Esas non pagan nada por esto.

O sr. Fírvida toma a palabra: Depende dos familiares que teña e do patrimonio, porque se inclúe, non sei se vostede leu esta ordenanza, inclúe o seu patrimonio, o 5% en cómputo anual

O sr. Alcalde toma a palabra: O cual me parece moi ben, ademais

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno y tamén o resto dos membros da familia; y despois hai unha cousa, ¿cantas familias hai que dependen dos salarios dos seus maiores?, ¿canta xente está no paro, hoxe, comendo e vivindo e pagando hipotecas, e pagando préstamos e pagando vivendas, e pagando luz e calefacción, gracias ó que cobran os maiores?, ¿cantos hai?; ten vostede analizado, ten vostede leído na prensa, a cantidade de familias que non teñen ingresos en Galiza, y en Ourense, en Ourense, máis de mil familias salía o outro día no periódico, que non teñen ningún tipo de ingresos, que non sexan os de pensións do Estado, pois esa xente vive da xente maior, e vostede lle suben 12%, y dicen que bueno, que total que da igual, que non importa

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra, o seu turno de réplica.

A sra. Morenza toma a palabra: Nós preguntámonos, que significa para vostede adaptarse á normativa, para nós, para nós está claro que se están incrementando os precios, vostede vai a incrementar os precios ás personas que máis o necesitan, porque está claro que ten abandonados ós maiores deste Concello, e agora vains abandonar á súa sorte, porque esixindo estas contías en moitos casos, vains abandonar á súa sorte; nós preguntámonos entón, si vostede vai incrementar ó persoal, queremos saber si vai incrementar o persoal en axuda no fogar, porque si se están introducindo tantos cambios y se vai a cobrar máis, incrementará o persoal, prestará un mellor servizo, ou vaise seguir prestando o servizo desa maneira como decía o compañeiro, como se está facendo hasta agora, baixo



mínimos, e non se olvide, señor Alcalde, non é unha dotación, o un decreto lexislativo, é unha suba de taxas en toda regra, unha suba de taxas en toda regra, por favor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno pois mire, como o debate está rematado, o personal loxicamente si tuvéramos oportunidade de aumentalo, o aumentaríamos, vamos ver máis adiante, como vai evolucionando o presupuesto, y sobre todo tamén a nivel da Xunta de Galicia, si nos dá partida presupuestaria para contratacións, como son habituales todos os anos, pois seguramente o faremos; entónces dito esto, someter a votación, iste punto. Votos a favor, votos en contra, ben queda aprobado cos sete votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do Partido Popular, e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar”**

3- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE VEHÍCULOS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto que é a ordenanza sobre a retirada de, recollida de vehículos, ten a palabra tamén a Interventora porque é un tema económico.

A sra. Interventora toma a palabra: La modificación de la tasa por retirada de vehículos, obedece a una actualización de los precios de mercado, poco más hay que decir porque en realidad, el servicio se viene prestando de la misma manera, exigiendo a la empresa que en cada caso presta el servicio, que tenga disponibilidad las 24 horas, un depósito para coches y que sea un depósito cercano al Ayuntamiento de Barbadás, y bueno pues la modificación supone eso, una actualización para adaptarse a los precios de mercado, simplemente esto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Fírvida toma a palabra: O Bloque Nacionalista Galego a pesar de que vai votar en contra tamén desta modificación da ordenanza fiscal de recollida de vehículos, sin embargo neste caso non vamos facer apenas intervención, por unha cuestión, porque non estamos tratando ningún problema social, non estamos tratando ningún problema que afecte ás persoas con poucos recursos, non estamos tratando ningún problema que o Concello poida mellorar as condicións de vida dos seus cidadáns, polo tanto, y a pesar de que vamos votar en contra, nós entendemos por responsabilidade que tampouco debemos facer desto unha causa, por que votamos en contra, porque se suben, súbense os



prezos, súbese para motocicletas e triciclos de 40 a 50, para motocarros tamén de 40 a 50 €, para vehículos xerais, o que entendemos por vehículos normais, de 50 a 70 €, súbese 20 € y para vehículos de gran tonelaxe de 60 a 80 €, bueno, eu creo que esto ven derivado, que si a xente aparca mal y compre ter un servizo de grúa que si que compre telo para prestar, porque tamén pode haber unha saída de urxente de un garaxe y que te estea ocupado, y alguén ten que ir a sacar ese vehículo, polo tanto nós votamos en contra, porque cremos que eso do que di a Interventora de prezos de mercado, eu poríao entre aspas, prezos de mercado, non sabemos ben como se define en este campo profesional, pero en todo caso subir os prezos en estes momentos de crise, aínda que sexa baixo unha infracción, unha infracción de tráfico, entendémolo que non, no se debería, debería manter os prezos, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro, ou a voceira do Partido Socialista.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu discrepo integramente ca intervención da señora Interventora, pero bueno, ela ten que facer o seu traballo, esto non é unha actualización, esto é unha estafa, literalmente unha estafa, unha estafa. Para o Grupo Socialista a ordenación do tráfico é algo fundamental nun Concello como o de Barbadás, que experimenta unha continua expansión demográfica urbanística, e máis cando as políticas urbanísticas desenvolvidas son totalmente anárquicas e carentes de harmonía. Aquí aparte de que haxa unha modificación do traballo da grúa, o ten é que haber máis Policía Local, cousa que aquí xa reclamamos reiteradas veces, incrementouse nunha ocasión, e consideramos que a plantilla da Policía Local non é acorde ás necesidades deste Concello, eso é evidente, sabémolo todos, pero vostedes non están por esa labor. Ordenar o tráfico é algo máis que unha norma, que modificar unha norma para recoller vehículos, e o Partido Popular e o señor Alcalde seguen modificando ordenanzas, e aplicando un incremento sistemático das taxas. Non é unha actualización, a presente situación económica, nin a normativa que se aplica ao Concello de Ourense para este mesmo servizo, se parecen, se semellan para nada ó que se vai facer aquí. A modificación da ordenanza, desta ordenanza, supón un incremento importante da taxa pola retirada de vehículos que vai desde un 22 ata un 43%; a taxa para motocicletas e triciclos aumenta un 25%, en Barbadás cóbrase 50€, cobrarase 50 € por estas recollida, mentras que en Ourense recóllense, teñen que pagar 10,95 €, é decir, 4,5 veces máis, é unha estafa literalmente, unha estafa. Para motocarros é similar, o seu incremento tamén é do 25%, en Ourense cóbrase o 21,85 €, en en Barbadás 50€, 2,3 veces máis que en Ourense; no caso de turismos e furgonetas e similares ata 2000 quilos, a suba é dun 40%, cando se trata de vehículos de tonelaxe superior a 2000 quilos, e ata 3500, o aumento é do 33%,



pero o señor Alcalde non queda satisfeito con este importante incremento e tamén decide revisar o tocante ó depósito de vehículos, para vehículos como bicicletas, motocicletas, motos e similares, aumenta un 43%, en Barbadás, cóbranse 5€, e en Ourense cóbranse 3,5€, pois ben para turismos, furgonetas, camións e similares o aumento tamén é do 43%, e para vehículos que superes as 2 toneladas e cheguen ata 3,5 toneladas o incremento é do 22%. Non imos apoiar evidentemente estas modificacións, que non son outra cousa máis que un incremento de taxas. Temos que ter presente que algún dos importes son moi superiores, o que decía o que se está pagando no Concello de Ourense, que ademais ten un percorrido por parte do guindastre, moi superior ó que ten que facer aquí en Barbadás. Ademais de todas estas consideracións quero facer unha máis, é que consideramos que a actuación do Concello é legal, eso é certo, pero non foi suficientemente transparente, ó non solicitar formalmente e por escrito ofertas a varias empresas, que puideran estar interesadas na xestión deste servizo en Barbadás, como recoñeceu o Tenente Alcalde na Comisión Informativa, falouse informalmente con diversas empresas, que podían prestar ese servizo, eu creo que isto non é transparencia, a transparencia é colgar na páxina web do Concello, que existe esta oferta ou esta contrata, ou como lle queiramos chamar, para quen queira estar interesado, faga constancia, deixe constancia das súas ofertas por escrito, e despois decidimos, aquí transparencia, ningunha, agora si solicitamos algún tipo de información por escrito sobre este tema é cero, cero, eso é faltar a certa ética. A política e os actos derivados das decisións políticas ademais de ser legal, volvo a insistir, como é neste caso, teñen que ser totalmente diáfanos, para todos os afectados, sexan empresas, particulares, cidadáns ou institucións, e vostedes incumplen con este requisito ó 100%.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno pois miren vostedes, en primeiro lugar estamos a falar dunha ordenanza, que para o Concello de Barbadás indudablemente é imprescindible, polo tema de que temos que ter alguen que faga este servizo, porque temos os vados y loxicamente é totalmente imprescindible, para poder levar a cabo a execución de, e o respecto dos mesmo, como para regular o tráfico, como ustedes saben, bien, eso por un lado; en segundo lugar decir que esta ordenanza desde que se fixo, esta ordenanza non, esta taxa desde que se puxo, nunca se actualizou y levamos dez anos ca mesma, desde o 2004 ó 2014, si lle houbéramos aplicado o IPC anual dende o 2004 a hoxe, seguramente que como poden comprender, estaría moito máis elevado que o que está agora, eso por un lado; por outro lado que non me pode decir usted, señor Valcárcel, comparar o de Ourense con Barbadás, en absoluto, aquí estamos a falar dunha recaudación e de retirar 25 coches ao ano, que supuxeron de ingresos 800€, unha empresa, ningunha empresa está dispoñible, como vostede pode



comprender, de feito eiquí xa se comprobou, a estar as 24 horas do día dispoñible con un local, con conches y con personal, por 800 € que vai recaudar ó ano, y para retirar 25 coches, dispoñibles as 24 horas do día, os 365 días do ano, como usted ben sabe, eso é unha realidade; entonces, estamos a tratar, non é unha concesión, en Ourense teñen unha concesión, en Ourense teñen agora, a empresa que recolle, que retira os coches, ten a hora, y como moi ben saben vostedes, menudo problema está habendo, ou estivo habendo, y ten encima da mesa o Concello de Ourense con este tema, entonces non quero entrar en esa cuestión, eiquí tamén se houbera a hora seguramente podían facer gratis a recollida dos coches, si fixéramos como en Ourense, si fóramos a copiar o prego do de Ourense, e fixéramos todo como en Ourense, vale, non vamos a entrar nese tema. Aquí neste momento como ben recoñeceu o portavoz do BNG, é un tema puramente, estrictamente necesario, vaise facer unha actualización dos precios, é verdade que é unha actualización, pero se se houbera feito cada ano, reitero, houbera salido moito máis, y esto é simplemente, entendo eu neste momento, que é máis un servizo que se lle fai ó Concello, é máis un favor que nos fan a nós neste momento, que se nós tivéramos que dispoñer dunhos medios, para levar a cabo con medios propios iste servizo, entón, bueno o que se trata é de actualizar a ordenanza y é tódolos anos, para o ano se podría cambiar o sistema, se houbera un que fora mellor, y asumo que ó mellor houbera que colgar na páxina web a oferta, pois para o ano se poderá facer, sen ningún tipo de problema, porque nós o fin e o cabo, como poden comprender eiquí non hai nada máis que ocultar, non hai trampa nin cartón, é un servizo que necesitamos y que queremos que se faga do mellor xeito posible para os veciños, nada máis.

O sr. Fírvida toma a palabra: O Bloque Nacionalista Galego reitera o seu voto en contra porque entendemos que as taxas ben se podían ter conxelado atendendo a situación de crise económica e carencia de ingresos das familias deste Concello, pero entendemos que é necesaria polo menos a prestación do servizo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Evidentemente nadie discute aquí a prestación do servizo, eso está claro, é necesario, probablemente tiñámolo que utilizar máis, sempre e cando a Policía Local fixera o seu traballo en función da plantilla que teña, non estamos dubidando tampouco do traballo da Policía Local, o que si é certo que nos parecen desorbitadas as taxas, eu fixen unha comparativa non só con Ourense senón con outros Concellos, por exemplo Verín e O Barco, e non están nesta liña. Simplemente dicir que as empresas non fan favores, as empresas privadas non fan favores señor Freire, o sea, que non nos diga que a empresa nos está facendo un favor por prestar este servizo, a empresa aumentará probablemente a súa facturación, probablemente haberá unha maior recadación, e



probablemente haxa máis retirada de vehículos, que si é xusto retiralos evidentemente hainos que retirar, pero a suba de taxas parécenos desaforada, en algún caso casi é cinco veces máis que en Ourense, e máis que en outros Concellos, das características das nosas, polo tanto imos votar en contra, e insistir na publicidade do contrato, na publicidade, non nas conversas informais, que eso está moi anticuado e leva a outras ideas, e outros pensamentos, e non estou falando de que este sexa o caso, nin moito menos, déixoo claro, pero as formas de traballar teñen que ser outras.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, dito esto entonces sometemos a votación ó punto, votos a favor, votos en contra. Queda aprobado cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do Partido Popular en os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ *Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de vehículos*”.

4- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR TRANSFERENCIAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto que é o punto número 4 que é un expediente de modificación de créditos por transferencias, que bueno, case non merece a pena que tomes a palabra, total é moi sencillo. Trátase de facer un expediente de modificación de crédito, como xa se dixo na Comisión Informativa da partida 155.609, que é da partida de vías e obras, para niste caso, de 35.000 €, para a partida 342.622, que é para instalacións deportivas, de edificios e outras construcións, que se vai a utilizar basicamente, como se dixo tamén na Comisión Informativa, en habilitar dous vestuarios que quedaban dispoñibles no Polideportivo, antes de poñelo en marcha oficialmente, para que unha vez que se poña en marcha, pois evitemos ter que estar facendo obras alí simultaneamente ca actividade que vai ter o Polideportivo y facendo as obras, entonces preferimos esperar un pouquiño máis, un

par de meses máis, y cando se abra, abril pois, máis axeitadamente, esa é a modificación de crédito que se propón. Ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): A xuízo deste grupo político, resulta verdadeiramente inadmisíbel, que segundo a información que se acaba de suministrar, y tamén a que se falou na Comisión Informativa a semana pasada, se sustraía, xa empezamos con modificacións, se sustraen



35.000 € dunha partida de obras, de vías públicas, para facer unha serie de reformas nas instalacións no Polideportivo Municipal. Entendemos que resulta inxustificable, cuando unha partida orzamentaria, neste caso a de vías e obras, xa é de por si absolutamente irrisoria, que as partidas que se manexan neste Concello, e dicir que non ten sentido, vamos a ver, un Polideportivo que levan máis de dez anos en obra con el, é dicir, isto xa parecen as obras do Escorial, ou da Cidade da Cultura, é dicir, é absolutamente, unha obra que leva máis de dez anos en obras que aínda non remataron, que aínda non inauguraron, que aínda, nin está absolutamente funcionando, xa se funciona en ela, pero absolutamente en precario, porque está sin inaugurar, y xa queren facer reformas en ela, é dicir, bueno esto é, non sei, isto é absolutamente sin sentido, non sei. Eu teño que preguntarme, preguntámonos hoxe aquí, señor Freire, temos que agardar que teña todas as licenzas, y tódolos seguros en regra este Polideportivo, porque eu de feito vindo xa de vostedes, xa me, dudaría ata que fose así; y quero preguntarlle aquí si sabe canto diñeiro máis imos gastar, cuanto diñeiro máis público por parte do Concello, se vai gastar, pola súa nefasta xestión neste tema, é dicir, hoxe son 35.000 €, máis cuanto máis vamos a seguir gastando pola súa nefasta xestión, por non ir incluídas estas obras na programación inicial, na planificación inicial das obras do Polideportivo. Teño que preguntar tamén da xestión da señora Concelleira Prieto, Concelleira de obras, no seu departamento, porque bueno esto parece absolutamente, é dicir, hai obras e obras, que hai que facer, reformas que hai que facer na vía pública, é dicir, hai postes de madeira no medio da Travesía do Viso, están as estradas municipais absolutamente cheas de fochancas, y retrotraemos diñeiro das partidas públicas, para reformar estas vías, para unha infraestrutura que levamos dez anos con obra, bueno, é dicir, en todo caso, nós entendemos que isto non é correcto, nos parece absolutamente fóra de lugar y vamos a votar en contra de este punto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben, vou a utilizar o dicionario da Real Academia, esperpento, dise dun feito grotesco e desatinado; vodevil, dise dunha comedia frívola, pois ben señor Freire, estas dúas palabras, vodevil e esperpento, son as que definen á perfección a súa actuación, e a dos seus Concelleiros e Concelleiras e a da totalidade do seu equipo de goberno na xestión do Polideportivo, porque isto non é dos Concelleiros actuais, isto ven dunha serie de equipos de gobernos seus, de tempo atrás. Unha historia que vai para perto de quince anos, e na que Partido Socialista pensamos que en xuño do ano pasado, quedaba rematada, ou estaba a piques de rematar. Pois hai quince anos vostedes anunciaban a construción dun pavillón, en xuño do ano pasado, convocaron un Pleno



extraordinario para autorizar a contratación de persoal para esta dotación, pois ben, pasaron dez meses practicamente, e aínda o Polideportivo está sin inaugurar oficialmente, e non hai data fixada para a súa apertura, e agora cóntanos que están facendo obras para construír dous novos vestiarios, xa que os previstos resultan insuficientes, para esta obra hai que destinar 35.000 €, o que decía antes, esperpéntico. Falamos dunha obra nova, sin inaugurar, e na que estiveron anos e anos, para coñecer como debía estar dimensionada, e axeitada ás necesidades do noso Concello, quince anos, entre proxecto, inicio de obra, realización de obra, e non se decataron ata hoxe de que fan falta dous vestiarios máis; pois ben, esto fala ben ás claras da súa incapacidade para gobernar señor Freire, e para xestionar as cousas públicas, con mínimo de eficacia. Todo é unha chapuza, todo é unha imprevisión, é falla de planificación, e para arreglar este desaguisado, retiran 35.000 € da partida adicada nos orzamentos do 2014 “a investimentos en novas infraestruturas”, para destinalos á partida de “instalacións deportivas, edificios”, estes 35.000 € que vostedes retiran agora da partida de novas infraestruturas representa exactamente o 30,5% da partida de 115.000 €, que era a que había destinada para este apartado, e que os Socialistas xa considerábase escasos; vostede, o primeiro que ten que facer aquí aparte de explicar por que este desaguisado no proxecto do Polideportivo, ten que explicar que obras vai a deixar de facer, en Barbadás, cando retira 35.000 €, eso é un desatino, é unha total imprevisión. Temos que lembrar que os orzamentos de Barbadás foron aprobados polo PP hai tres meses escasos, e non permitiron debatir as alegacións, argumentando que eran de carácter político, pois ben, isto non sei de que carácter é, o que traen vostede agora aquí, é de carácter económico dirán vostedes. Estas modificación de crédito deixa ben ás claras que os seus orzamentos son papel mollado, non sirven para nada, para nada, incluso diría que vostedes falsean os orzamentos ó seu antollo, xa que seguro que cando se aprobaron xa tiñan en mente esta modificación ou que é algo sobrevenido, veu o Espírito Santo e dixo, ¡oh aquí de repente!, fan falta dous vestiarios, no me diga que en tres meses dánse conta que necesitan os vestiarios, ou son, ben non quero utilizar a palabra, ou son ineficaces, e non sabían que os vestiarios facían falla, ou entón falsearon os orzamentos. Os orzamentos son un documento básico para o desenvolvemento da actividade do Concello, e deben ser elaborados concienzudamente e con criterios obxectivos de estabilidade, de xeito que permitan coñecer a finalidade dos cartos que aportan todos os veciños e veciñas; vostedes fan todo o contrario do que se supón debe facerse con un orzamento, previsión cero, estabilidade cero, transparencia cero, o PP e o señor Freire demostran a súa incompetencia por partida dobre, foron uns incompetentes, na xestión e planificación de Polideportivo, e son uns incompetentes na elaboración dos orzamentos.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois mire, a incompetencia quen a analicen se somos ou non somos son os veciños, hasta agora lévanos dito que os incompetentes son a oposición, que están ustedes tanto unhos como os outros, durante vinteoito anos, esos son os que dicen quen son os competentes e os incompetentes para gobernalos, entonces eu a eso me remito, dito esto decirlle que nós, precisamente por ser tan incompetentes como ustedes dicen, o que procuramos foi optimizar os recursos que temos; houbera estado aberto e funcionando ó 100% hoxe o Polideportivo, pero percatámonos de que había dous locais que se podían optimizar, que serían útiles para o funcionamento do Polideportivo, y como vimos que quedaban alí, digamos de algunha maneira, pois vacíos, que algún día, se iban, seguramente máis pronto que tarde, si nos íbamos a dar de conta todos, tanto os usuarios coma nós, que eso era útil para poder utilizar os veciños, e poder utilizar o Polideportivo comodamente actuando en dúas ou en tres actividades diferentes, pois é polo que nós, dado que había ese recurso, tratamos de optimizalo agora, e poñelo en marcha y facelo, agora, antes de que se poña oficialmente en marcha o Polideportivo; eso non estaba loxicamente no proxecto inicial, pero vendo que quedaban eses huecos ociosos, como quedan algunhos máis, que algún día ó mellor alguén o fará, ó mellor hasta poden ser vostedes, nalgunha zona que se ve que queda valeira debaixo das gradas, bueno pois nós vimos que ises dous huecos que se podían utilizar, e que podían ser necesarios y son necesarios, y decidimos facelo agora, eso é o que hai, y loxicamente si tiñamos a partida para vías e obras y se mete aquí, pois ise tamén e un servizo que se lle vai a dar os cidadáns y se podrá facer outro, noutro momento de mellor maneira que este unha vez que estea, que tuvéramos despois que compatibilizar o que é o funcionamento ca obra, y o que pretendemos é evitar eso. Eso é o que hai, nada máis, y si se pretende facer esta modificación, pois con esa finalidade y con esta justificación que acabo de facer. Quere interveñir o voceiro do BNG.

O sr. Núñez toma a palabra: Imos ver, aínda non me contestou á pregunta que lle fixen, eu dixen, que efectivamente retrotraía 35.000 € dunha partida de vías públicas de infraestructuras, para unha partida de instalacións deportivas, pregunteille que máis diñeiro íbamos gastar do peto dos cidadanos de Barbadás, do peto, é decir dos orzamentos municipais. Recordarlle que efectivamente si esto fose incluído no proxecto inicial, este gasto non sería a costa do Concello, sinón que iría, sería un diñeiro que viría da Consellería pertinente da Xunta, da Administración da Xunta, ben, pero como vostedes levan dez anos, e en dez anos, ou dez ou quince anos non foron capaces de ver un plano para saber si quedan dous ou tres locais valeiros, porque son así, é decir vostedes levan vinte e pico anos aquí, chupando do teto algúns de vostedes y levan, y non son capaces de saber, de mirar de si efectivamente



quedan dous ou tres locais valeiros, entonces agora nos veñen con 35.000 € máis, que posiblemente pois con máis partidas a gastar por parte dos orzamentos propios, de acordo. Bueno a súa xestión respecto a este tema é absolutamente nefasto, é dicir, os rapaces siguen como hai trinta ou cuarenta anos saltando os patios dos colexios para saltar, porque non ten unha instalación deportiva pública na que facer deporte, y etc, etc..., é dicir, estamos coma sempre, porque vostedes son, son así, y que os sigan tendo aí durante cen anos máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben , moitas grazas, ten a palabra o voceiro, o segundo turno do PSOE

O sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno pois según a intervención súa señor Freire aínda lle temos que ir a dar os parabéns, por esta xestión, igual llo temos que dar á Concelleira do ramo, porque probablemente foi a que detectou agora que se fixo cargo ela do asunto, estes dous locais, pero había outra xente, que si que estivo traballando neste tema previamente, vamos a ver, vamos a ter que dar os parabéns. Non se decataron cando se fixo o proxecto de había dous locais, diáfanos ou valeiros, non, parece que non, pero vostede ten que contestar outra cuestión, que investimentos en nova estruturas, infraestruturas se van a deixar de facer, vostede seguramente que non o sabe, porque aquí neste Concello e todo o mundo debería sabelo, non se relacionan as obras que se van a facer, cando se elabora o orzamento, non a relacionan a pesares de que a oposición, nós en concreto temos reiterado varias veces que era necesario relacionalas, non, como dixo alguén de vostedes, non recordo quen foi, dixo “sobre la marcha”, entón destinaremos os 115.000 €, sobre la marcha, lo que vaya surgindo, bueno, pois o que xurdiu agora foi que necesitamos 35.000 € para o Polideportivo, ben, pero díganos a Cotromela, sabe como está, sabe como está ese vial, sabe, pois o millor os 35.000 € que precisaba a Cotromela, resulta que os destinan ó Polideportivo, pero bueno, non o podemos saber, porque resulta que non hai relación dos investimentos que se iban a facer neste Concello, das obras que se iban a facer neste Concello, volvemos a reclamar que nos orzamentos do ano que ven, se relacionen as obras que se van a facer cos cartos que son da cidadanía, díganos a que lle van a afectar estos 35.000 €.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois mire, vaille afectar a vías e obras, eso é a partida, se íbamos facer máis, vamos facer menos, de aí vai a vir, que quede claro. E con relación a cuantas partidas máis lle vai, quedan por facer, eu entendo que ningunha, porque loxicamente vámolos inaugurar, pois unha vez que se acabe esta pequena obra; y decirlle tamén que como somos tan ineficientes, como vostede dice, o Polideportivo foi financiado practicamente ó 100%, non pola Xunta, por a Deputación de Ourense, e incluso o equipamento tamén foi financiado con 100.000 €,



que se nos deu o ano pasado, na partida do ano pasado; y esta pequena obra pois loxicamente non pudo ser metida nise momento porque non contemplaba no proxecto, y agora nos damos de conta, que se houbéramos aberto non houbera pasado nada, pero en aras vólvolle reitar a optimizar os locais que quedaban sen utilizar se fixo, y eso se fixo precisamente para eso para que teñan mellor servizo, ós veciños que van a acudir aí, nada máis.

Bueno, pois votos a favor, entonces da modificación. Bien votos a favor da modificación, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do Partido Popular, e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE, o seguinte acordo: **“Aprobación do expediente de modificación de crédito por transferencia”**

5- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA REACTIVAR O CENTRO EMPRESARIAL TRANSFRONTEIRIZO E CONVERTILO NUN FACTOR DINAMIZADOR DO EMPREGO E DO EMPRENDEMENTO

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto cinco que é a moción do Partido Socialista sobre a reactivación do centro empresarial transfronteirizo, que ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Actualmente a máxima preocupación da veciñanza é o desemprego e a súa propia situación laboral. A crise económica que estamos vivindo e sufrindo ten a súa faciana máis dura nos datos do paro. Por elo é imprescindible que desde a administración local se tome parte activa no desenvolvemento de políticas que permitan incrementar as posibilidades de emprego en Barbadás. Os gobernos municipais teñen a obriga de situar o emprego no centro de todas as súas políticas. Polo tanto, o novo papel dos concellos non é outro que o de fomentar o desenvolvemento local para facilitar a creación de emprego no seu ámbito xeográfico.

Os centros empresariais son por definición, espazos de apoio a iniciativas empresariais e ós emprendedores, e teñen como obxectivo facilitar a posta en marcha de nova actividade económica. Para isto é imprescindible que estes centros ofrezan infraestruturas e servizos axeitados ás necesidades dos negocios emerxentes. Barbadás ten un centro empresarial inaugurado no 2006 cun custo de 425.000 € pero que non responde ás características e condicións antes mencionadas e que polo tanto non é útil para a finalidade que debe ter este tipo de dotación: fomentar o emprego e apoiar ós emprendedores. Un edificio que ademais carece de elevador e polo tanto non responde ás



necesidades de mobilidade actuais, cos conseguintes problemas para as persoas con minusvalía como ocorreu recentemente. Non sei si o saben, que durante a realización dun curso, haberá dous meses, unha persoa discapacitada quixo acceder á segunda planta, e tivo problemas para poder acceder, non sei si o saben, eu sei. Para o fomento de emprego adícanse no orzamento de Barbadás no 2014 unha contía de 94.600 €, e no Grupo Municipal Socialista consideramos que este importe é simplemente esmola e calderilla e máis nos tempos de crise que vivimos. Pero a evolución decrecente desta partida nos últimos anos deixa claro que o emprego non é una prioridade do goberno de Freire. En 2014 o importe da citada partida era de 105.000 €, no 2013 foi de 102.000 €. Máis ben semella que o goberno do PP e o seu Alcalde apostan polas políticas de “emprego” que hoxe están no punto de mira da xustiza en moitos dos concellos de Galicia. Compre destacar que dos 94.600 € reseñados, o 50% van adicados a salarios e seguridade social da xerente do CET, un 38% vai a gasto corrente como é combustible, enerxía eléctrica, limpeza, etc. Tan só queda un escaso 12% para actividades vencelladas á formación, o resto dos 94.600 €, van practicamente, 50.000 € adicados ó soldo da persoa que é responsable do CET, 35.000 para ser exactos, 12.000 para seguridade social, e despois van 3.000 € a reparacións, 12.000 a enerxía eléctrica, combustible 5.000 e limpeza 3.600, pois quedanos 12.000 € para outro tipo de traballos como son os de formación. Os números falan por si sós. Resulta evidente o desinterese do Sr. Freire e do PP de Barbadás para darlle o Centro Empresarial unha estrutura e unha definición acorde ó seu nome e á súa suposta finalidade: potenciar o emprego e asesorar e colaborar cos emprendedores. Barbadás, ademais carece actualmente da figura do Axente de Desenvolvemento Local o que pon de manifesto de xeito palpable a ausencia de interese do PP polo emprego e a dinamización económica. O Sr. Alcalde prefire destinar a protocolo e publicidade os 20.000 € que supón a contratación dun ADL, porque ese é o importe que practicamente se contempla nos orzamentos de Barbadás, para publicidade, protocolo e gastos semellantes, e o ADL, costa ese importe, é o que costa. Hai Concellos de moita menos poboación, que teñen un axente de desenvolvemento local, e resulta que Barbadás o quinto Concello da provincia, non temos axente de desenvolvemento local, pero é máis lamentable aínda, que saibamos que o Concello de Barbadás non vai a solicitar a axuda, a subvención, a achega, para contratar no ano 2014, un ADL, a información que eu teño é a que di, é decir, non se vai a solicitar a achega da Xunta de Galicia, para contratar un ADL; pero bueno outros concellos si que o fan de moitos menos calado que o noso, e bueno nós non, deberíanos explicar a razón por que, e vainos a utilizar un argumento burocrático seguramente, que o coñezo, seguramente que o vai a utilizar, pero é un argumento ridículo, como decía antes



esperpéntico. O Partido Socialista de Barbadás ten presentando diversas propostas que consideramos poden apoiar ó comercio local, rehabilitar os núcleos rurais, dinamizar o emprego apostando pola formación e as novas tecnoloxías e propostas que sempre foron desestimadas polo Sr. Alcalde e polo Partido Popular. O Grupo Socialista, polo fomento do emprego, ós emprendedores. O Grupo Socialista presentou iniciativas con quince puntos, non hai moito tempo para fomentar o emprego, que poden ser debatidas, que poden ser cuestionadas, que poden ser milliores ou peores, pero polo menos temos a nosa conciencia tranquila, de que presentamos aquí propostas, cousas que vostedes non fan, aínda tan siquera podían asumir, esas propostas como súas, pero nin eso, rexéitanas. O 10 de febreiro do 2010 o Grupo Socialista presentou unha moción para que o Concello adoptara unha serie de políticas encamiñadas a apoiar e potenciar o comercio local, unha batería de quince iniciativas que o señor Freire e o PP rexeitaron. O comercio de proximidade sofre en primeira liña as consecuencias da crise económica, disminúen as súas vendas, e péchanse establecementos, onde están as axudas a este sector neste Concello, non é facer un curso de paquetería, eso non é unha axuda. A saída pasa para moitos desempregados por converterse en autónomos, e repito a pregunta, onde están as axudas para este sector neste Concello. O CET, ten que ser un centro de iniciativas e ideas empresarias para Barbadás, señor Freire, de iniciativas e de ideas, e non o é, non aporta ningunha idea, si vostede considera que facer un estudio promercado da frambuesa é unha iniciativa innovadora para Barbadás, bueno pois nós non o consideramos. A ventaxa competitiva está na diferenciación e na especialización, non haberá éxito mentras no CET non se faga o mesmo que en outros lugares, mentras no CET non se faga o mesmo que en outros lugares de semellantes características, o CET ten que apostar pola innovación, innovar, innovar e innovar. No debate dos orzamentos para o 2014, os socialistas puxemos enriba da mesa unha serie de ideas, como era a creación dun programa de rehabilitación de vivendas, de núcleos rurais, tamén elaborar un plan de dinamización turístico vencellado a actividades deportivas e culturais, e tamén foi rexeitado por vostede; e nas alegacións que presentamos a este orzamento que non foron debatidas, propoñíamos que dado que a Xunta de Galiza retrasaba por uns meses a aplicación do incremento do canon de Sogama, adicar ese importe a programas de fomento do emprego, a orientación laboral, priorizando a economía social e o cooperativismo, unha contía que aproximadamente era 13.000 €, a moita xente lle parecerá unha contía escasa, a nós tamén nos parece, pero é que esta contía supera o que vostedes destinan no CET a fomento do emprego, que son 12.000 €. Para os Socialistas de Barbadás o Centro Empresarial representa unha gran oportunidade, claro que é unha gran oportunidade, sempre que conte co apoio



das institucións, e teña un financiamento sólido e unha estrutura axeitada, unha oportunidade non só para o noso Concello, tamén para toda a comarca, polo que debemos pensar en incorporar na financiación do CET a outras institucións e organismos. Resumindo, buscamos participación, os socialistas buscamos participación, investimentos, novas iniciativas, innovación, queremos un proxecto claro e definido, que permita crear emprego, e que xurdan novos emprendedores e emprendedoras, e na moción presentamos catro acordos, pero dicir que é unha moción aberta, porque evidentemente no emprego non temos que poñer cortapisas a nada, a nada que sexa positivo; entón hai catro puntos que poden ser mellorados, que pódense modificar e estamos abertos a aceptar propostas, polo tanto solicitamos o voto a favor, do Partido Popular tamén.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Crear un órgano rector do Centro Empresarial que conte coa participación do equipo de goberno, de representantes da oposición e, por suposto, dos empresarios, comerciantes e colectivos sociais de Barbadás, coa finalidade de redefinir a actuación do CET así como fixar obxectivos e prioridades.

Establecer unha estrutura sólida para asesorar e apoiar tanto ós emprendedores como a persoas en situación de desemprego.

Contratar un Axente de Desenvolvemento Local.

Instalar un elevador para favorecer a mobilidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Fírvida toma a palabra: Este centro que se chama CET, Centro empresarial transfronteirizo, non entendemos moi ben xa o nome que lle puxeron, o único porque a orixe dos seus fondos, foron fondos europeos, encamiñados ao desenvolvemento de áreas transfronteirizas, y con ese fin se creou, sin embargo xa desde o principio da creación deste centro, xa había todas as dúbidas de si iba a servir para o seu obxectivo final, que era para facer unha gran comarca, entre o norte de Portugal e Galiza, sin discontinuidade de fronteiras, para favorecer o desenvolvemento económico, o desenvolvemento empresarial, y o desenvolvemento humano, bueno, aquilo quedou no olvido, este centro xa non é transfronteirizo, e a proba está en que cando se contratou á xerente, por certo quero lembrar como foi aquela contratación, y quen é, filla do director do INORDE, pois cando se contratou a aquela persoa, non se lle pedía entre outras cuestións, nin siquiera ter coñecementos da lingua portuguesa, cando estamos falando dun centro transfronteirizo situado no sur da provincia de Ourense, bueno pois entón, si non sabe portugués, si nin siquiera ese era un requisito, valorable á hora da contratación da xerente,



da persoa que tería que ter como encomenda principal abrir vías de comunicación co norte de Portugal, para favorecer non só a innovación, como dicía Valcárcel, que é moi importante, pero eu engadiría á innovación, engadiría a exportación, porque as empresas hoxe se están salvando no Estado Español da crise económica, é grazas a exportación, e por aí debería camiñar a economía galega, pola exportación; porque o mercado interior como todos sabemos está absolutamente colapsado, está construído porque non hai capital no interior. Empezando por isto que non é un centro transfronteirizo, sinón que é un centro de Barbadás, é un centro local. Vostedes nas Comisións Informativas non sabían absolutamente nada, pero se nos chegan con un informe, eu non tive tempo de velo, claro, porque mo deron na entrada do Pleno, pero bueno, deume tempo de botarlle unha ollada, e di, fai un relatorio de un corta e pega das páxinas da Unión Europea, con sete páxinas do que fala da marabilla mundial, que significa formación dos traballadores e dos empresarios, moi ben, pero despois vamos á práctica, ¿para que serve este Centro transfronteirizo?, e nos fala de 25 accións formativas, eu conteinas dúas veces e dáme 24, pero bueno eiquí fala de 25, en modalidades de diferentes cursos, bueno, case todo son formación, informática básica, word, access, excel, esto que aprende os nenos en sexto de primaria basicamente, está moi ben que se forme a toda a cidadanía en informática, coaching, marketing, venta, e despois nos fala das actividades desenvoltas no noso Concello, y as actividades son: incentivación do comercio local, ningunha, fala de que é moi bo incentivar o comercio local, pero non nos di de que teña desenvolvido ningunha actividade; concursos de escaparates en Nadal, só lles falta facer de belenes, é o que lles queda, facer un concurso de belenes, y xa é para o que serve este Centro transfronteirizo, e despois fala, outra vez, outra parrafada de inclusión social do Plan Galego de Inclusión Social, fomentar o acceso ó emprego, garantir recursos económicos, e di: deste xeito no salón de actos leváronse a cabo varias accións formativas, e non nos din, nin cales son, nin cando foron, nin cantas, nin quen asistiu, é dicir, non se sabe, nin sequera a xerente do centro sabe cantas accións se desenvolveron para fomentar o acceso ó emprego, esto é o que temos, e despois fala da atención directa ós membros dun colectivo en risco de exclusión social, tampouco nos di de cal colectivo, e de como digo hai 24 accións formativas, en estas 24 accións formativas non nos din cantos foron, as persoas que aproveitaron estas formacións, cantos foi, e cal foi a asistencia a estes cursos, e tampouco nos din unha cousa moi importante, porque hai dous cursos moi, moi importante, xunto con outro de prevención de riscos laborais, que eu entendo que é moi importante, hai dous moi importantes, porque si poden favorecer a inclusión ó mercado laboral, que son os cursos de xeriatría e atención ás persoas maiores, sociosanitario, auxiliar de enfermaría en



xeriatría, chámase, hai dous cursos, estes son moi importantes, pero ¿como se accede a estes cursos?, señor Alcalde, quérenos explicar vostede ou a xerente do centro transfronteirizo, que mulleres tiveron acceso a este curso, como se fixo a selección de persoal e donde acaban traballando estas mulleres, quénennolo contar, porque a nós o que nos contaron é que non pode acceder calquera persoa a este curso, que fai falta ser do Partido Popular, fai falta selo, ou polo menos hai que decir que se é

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor

O sr. Fírvida toma a palabra: Ou polo menos hai que finxir, ou decir que se é, si, eso é o que nos transmitiron a nós, que os cursos se dan ad hoc, ás persoas que vostedes queren, para despois poder contratalas, por exemplo, no servizo de axuda no fogar, ou nos servizos que vostedes precisen alá donde. Si claro non o sabían, é todo novo, non o sabían, é todo unha sorpresa. Como se fai a selección de persoal y que persoas accederon a estes cursos, é a pregunta que facemos, e xa está, só eso. E accións para o desenvolvemento do comercio, mire, Carballiño ten un centro comercial aberto, Ourense por suposto, O Barco de Valdeorras tamén, Barbadás non, Barbadás non ten, ten si concurso de escaparates, xa o sabemos, que teñan que xuntarse tres nun bar para decidirse que gana, que tamén o sabemos, como se reparten os premios, si, non agora tu dime que non. Y non hai centro comercial aberto, non hai ningún sistema de poder fomentar o comercio local, non hai campañas, bueno, unhos bonos que se venden unha vez ó ano, para favorecer a compra no comercio local, non hai ningún tipo de idea, donde está en todo este informe que nos pasa a xerente do centro comercial, as actividades desenvolvidas co norte de Portugal, con que tipo de organización portuguesa nos temos relacionado nos últimos vintecinco anos, con que empresarios tivemos contactos, con que empresas, con que traballadores, nada; hai algún curso de portugués aquí, non, e isto é un centro transfronteirizo, transfronteirizo Barbadás-Cartelle, porque doutra cousa non o é, bueno en fin en definitiva isto é outro efecto máis da boa xestión do Partido Popular, como dicía antes Xarín. Barbadás 2014, igual que as olimpíadas, novo Polideportivo, y esa é a eficiencia dun Concello moderno. No 2014 primeiro Polideportivo, cando hai concellos que van polo segundo, polo terceiro, de tres mil e catro mil habitantes, sin ir máis lonxe, Fraga construíu polideportivos en todos os concellos de Galiza de máis de 3.000 habitantes, menos Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, ciñase a orde, ó punto, senón por favor, vamos a facer aquí un tutto revoluto que non ven a nada.

Bueno vamos a ver mire, nós vámoslle votar en contra y vámoslle votar en contra por unha razón moi sencilla, usted acaba de ver o dossier, non coincidimos en nada na filosofía da súa moción, porque



entendemos que o Centro está funcionando y funcionando ben, y ós feitos me remito, y a memoria a ten diante de vostede, eso por un lado; dicirille que efectivamente solo en cursos de formación o ano pasado fixéronse 25 cursos, eu contei 25, solo no que vai de ano, temos planificado, 17 ata o mes de junio, y decir, que está, que falan vostedes, de modernización, e innovación tamén está, teñen a súa páxina web, actualizada, accesible, si, si, accesible, para todos os empresarios da zona, asesoran y me consta, y dou fe delo, ademais, de que todo o empresario que necesita asesoramento e acude ao Centro empresarial, o recibe; que en termos generales, aí os comerciantes da zona teñen unha asociación promovida precisamente dende o Centro Empresarial, para que así sea, é decir, que están funcionando, y que é dinámica, podría ser mellor, non discuto que non, porque todo é mellorable, pero desde o noso punto de vista estao facendo ben, y como estao facendo ben, non requiere andar con cambios, cada un o faría o mellor seguramente diferente, pero eso é cuando ustedes gobiernen, se gobernan algún día, nós de momento entendemos que está cumprindo unha misión importante, que afortunadamente se puido xestionar no seu día con fondos europeos, y aí está para o servizo de todos os cidadanos do Concello de Barbadás, y non só do Concello de Barbadás efectivamente, porque é transfronteirizo, tamén para o da Comarca, y aí temos o GDR neste momento, Desarrollo Rural, aí hai como ustedes poden comprobar cursos, cada pouco, reunións, y conferencias cada semana, ou cada día, y bueno entendemos que o dinamismo que ten neste momento, é digno de ter en conta y de feito están valorando o personal, tanto o que se está formando en el, como os empresarios que acuden aí a asesorarse, y sobre todo a temas de subvencións, tanto de subvencións a nivel general, como subvencións europeas, entonce entendemos que non requiere neste momento crítica máis que constructiva, y desde o punto de vista constructivo nós estamos aceptando todo o que sexa, y podemos asumir cualquier postulado e cualquier proposta, que millore o que hai, pero como o que ustedes pretenden aquí de momento entendemos que se está practicamente facendo todo y non millora nada, pois nós vamos a votar en contra, nada máis.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Empezando polo final, a nosa proposta é constructiva, pero vostede vive un pouco ancorado no século XX, no finais do século XX, a innovación non é ter unha páxina web aberta e actualizada, eso non é innovar, eso é algo que está no día a día, do funcionamento dunha institución, innovar é outra cousa, innovar é aportar ideas, facer algo distinto, que sexa valorado para potenciar unha actividade económica, para fomentar unha actividade para crear emprego, innovar non é ter unha páxina web actualizada, eso non o fai calquera pero, non é tan difícil, innovar é outra cousa, é aportar valor engadido a un traballo, y eso é o que demandamos, un valor engadido, a maiores de,



non facer o mesmo que fai todo o mundo. Transfronteirizo señor Freire, non é cruzar a fronteira de Cartelle, como dixo el, vostede acaba de falar, colaboramos con outros concellos, no, transfronteirizo que eu saiba dentro da provincia, e dentro de Galicia de momento aínda non hai fronteiras, que eu saiba a fronteira, en todo caso con Portugal, é bastante difusa tamén, desde que estamos na Unión Europea, pero bueno si vostede lle chama así, é outra cuestión. Vostede pódeme explicar como colaboramos nós con colectivos empresariais, cando un colectivo como pode ser o dos apicultores, que con todos os respectos do mundo, teñen unha actividade é loable, e todo eso, pero os apicultores nos teñen que pagar, ó Centro empresarial, algo así como un aluguer para estar aí. Os espazos póñense a dispor dos usuarios nestes casos, nos centros empresariais, para que podan utilizalos como un servizo, non como un aluguer para que nós, financieiros aínda por enriba, pero bueno vostedes considéranos así. A min gustaríame coñecer, porque durante dous anos estiveron centrados neste centro empresarial, nunha actividade que era o estudio Promercado da frambuesa e creo recordar da oliveira, cantos postos de traballo xenerou ese estudio Promercado, en canto se incrementou a exportación da frambuesa que se produce en Barbadás ó extranxeiro, en canto se incrementou, en canto aumentou a produción de oliveiras en Barbadás, ou cantos quilos se producen de frambuesas, si o poden explicar, porque esos son os cursos dos que se nutre este Centro empresarial, ó que adicaron na Unión Europea algo así como 24 mil ou 26 mil euros nos últimos dous anos, creo lembrar, por eso o presuposto dos últimos dous anos era superior, a min que mo expliquen. A utilidade é algo fundamental neste tipo de institucións e de organismos, cubrir un expediente con un cursiño, ou unha actividade, un estudio Promercado sobre a frambuesa de Barbadás ou da oliveira, ten que servir para fomentar o aumento de produción, a creación de postos de traballo, a exportación, a min non me consta, creo que a vostede tampouco lle pode constar, e si consta e nos dá algún dato agradecemosllo. Presentamos propostas tamén a finais do ano pasado, para fraccionar e conxelar a taxas e así poder, as taxas deste Concello, para así poder axudar ós comerciantes e ó conxunto da cidadanía, pero tamén ós comerciantes a desenvolver mellor a súa actividade, a ustedes les dio igual, votaron en contra. Decirlles ademais que no Centro empresarial transfronteirizo, como lle chamamos, teñen problemas ca wifi, e vostedes non trasladan ós alumnos ou ós cursillistas, ou como lles queiramos chamar ós usuarios á Casa da Cultura por unha razón sin máis, por espacio, non, é que resultan que teñen problemas ca rede wifi no Centro empresarial, que non ten, colápsase cando ten moitos usuarios, supoño que o saberán, pero que non o están ocultando, pero aquí de momento non o dixeron, pero estano ocultando, teñen problemas ca rede wifi, e polo tanto cando hai un número determinado de usuarios, non poden utilizar os ordenadores alí,



non poden utilizar internet, ou sexa, Centro empresarial transfronteirizo, innovación, modernidade, e fomento de emprego e todo eso, mentira, mentira, mentira; e ademais outra proba da ineficacia, é que resulta que a persoa que está contratada ou que gañou a oposición para cubrir un posto de traballo no Polideportivo, ás veces tense que ir ó Centro empresarial transfronteirizo que era donde estaba traballando antes, vai, como hai unha soa persoa, que é a xerente, resulta que Avelina ten que irse do Polideportivo ó Centro empresarial, unha persoa que rota, entón esa é importancia que lle damos nós ó emprego, á innovación, a aposta polos emprendedores señor Freire, cero, sexa serio.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra como segundo turno o BNG.

O sr. Fírvda toma a palabra: Si, solo por matizar algunha cousa, estando de acordo co que dixo Valcárcel, e ca exposición de motivos y os acordos tomados, si que consideramos que é importantísimo y é esencial ademais, como se pode ter un Centro empresarial sin axente de desenvolvemento local, a nós parécenos absolutamente surrealista, ter un centro de estas características sin un axente de desenvolvemento local, que lle presta asesoramento aos comerciantes e aos empresarios de Barbadás, que van alí a solicitar información, sinón existe este axente, sinón existe esta figura, quen pide axudas na Unión Europea, quen asesora para pedir subvencións para a creación de emprego, para fomento de emprego, novas actividades, donde está todo eso. En Barbadás, tiñamos un rianxo, que era o rianxo de Ourense, era a horta de Ourense, por aí se podía empezar a traballar, cos cuestións incluso innovadoras, de investigación, y produtos, y comercialización y facer cooperativas, nada. Desde o Bloque Nacionalista Galego, esto xa llo escoitei a Concelleiros do BNG hai motísimos anos, hai propostas que tiñan eles para o rianxo de Barbadás, nada, absolutamente nada, y nos traen unha memoria, pero é que de verdad, é increíble, eu non sei nin como se atreven a presentarnos esto, non me extraña que nolo presentaran dez segundos antes do comezo do Pleno. Actividades formativas dicen 25, non hai 24, volvín contalas, pero fixédevos a duración, súmalas tódalas horas, da 200 horas, todas as actividades que se fan en todo o ano en Barbadás, suman menos 200 horas, cun curso, 18 horas, 18 horas, 18 horas, 18 horas, 60 horas, pero despois ven, 18 horas, 3 horas, 3 horas, 6 horas, 10 horas, 10 horas, 10 horas, 10 horas, cursos de 24 horas, pero esto é serio, o único serio que hai, 9 horas, 3 horas, todos os cursos son así; cursos de 3 horas, vintecatro cursos de 3 horas, en todo un ano, é ridículo, o sea, nun mes se poderían ter dado todos os cursos

O sr. Alcalde toma a palabra: Non extrapole que non é así,

O sr. Fírvda toma a palabra: No, no, pono eiquí, non me estou extrapolando nada

O sr. Alcalde toma a palabra: Todos os cursos de 3 horas non son



O sr. Fírvida toma a palabra: Os únicos cursos repito, realmente importantes é o de Auxiliar de enfermaría e xeriatría, que da acceso a un título oficial imprescindible para poder traballar nesta rama, que ten 318 horas, dixen agás este dous Manolo, escóitame, de 24 cursos, 22 cursos suman 200 horas, nada, nada, menos de un mes y hai dous cursos que son de 318 horas, estes dous cursos, é o leitmotiv do Centro empresarial transfronteirizo, existe para isto, para nada máis o demais é palla, só existe para estes dous cursos, estes si que son realmente importantes, porque si que dan postos de traballo, a miña pregunta a do BNG, vouna facer por escrito: cantas persoas fixeron este cursos, donde se fixeron, cal foi a duración, profesorado, diñeiro, y como foi a selección destas persoas, porque son os dous únicos, porque o resto cursos de 10 horas, home, vaiche boa, nun centro que intenta ser eso, fomento de emprego, y transfronteirizo, un curso de 10 horas, home por favor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno vamos a ver, en primeiro lugar decirlle que a selección evidentemente, fana quenes fan o curso, eu non teño nin idea, nin seleccionei a ninguén, nin si son do PP, do PSOE, ou do BNG, estou seguro de que ese criterio non existiu para nada, eso si que podo garantizalo, en todo caso usted pregunte que llo dirán, eso que lle quede claro, vale; y con relación ao ADL, mire usted, o ADL, tuvémolo sempre, está facendo as funcións que fixo sempre o ADL a gerente, a gerente é asesora jurídica y o asesora aparte y tramita subvencións, y lle tramita solicitudes, y os asesora, en todo caso nós pediremos cando salga o da Xunta, un ADL máis, unha ADL outra vez, pedirémolo que quede claro eso, nós non estamos en contra de non ter ADL, nós temos o servizo cuberto como si tuvéramos unha ADL, bastante millor que moitos ADL, que quede claro, empezando porque é asesora jurídica, entende do tema y leva moito tempo asesorando ás empresas e asesorando ós traballadores, entonces eso que quede claro. Y en segundo lugar mire, facer planes señor Valcárcel, fainos calquera, o caso é dotalos de diñeiro, y o diñeiro é o que é, e esto non da para facer planes, para rehabilitar o casco histórico, para facer apoio ó comercio local, e darlle subvencións ós autónomos, porque non é, en primeiro lugar non temos recursos suficientes, nin é tampouco misión nosa, porque para eso está a Xunta de Galicia, que ten outros recursos, y si se poden dedicar a eso, nós podemos tramitalle desde aquí, podemos gestionarlle, pero a instancia de outras administracións, porque é que o Concello é o que é, nós non somos un Concello como pode ser o de Madrid, ou incluso xa nin o de Ourense, con 10.000 habitantes e un presupuesto de 5 millóns de euros non da para máis, nós poñemos a disposición os recursos, tanto materiais como humanos que temos, para poder axudar ás empresas, e xa non é pouco, e estamos loxicamente dispostos a incrementalos, siempre e cuando e



cuando sea posible, pero neste momento a situación é a que é, y menos mal que non temos deuda nin déficit, senón sería moito peor, entón nós vámoslle votar en contra.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Niguén fala aquí de facer plas, por exemplo axudar á rehabilitación dos cascos vellos deste Concello, pois pode ser simplemente, que lle fagan o plan, o proxecto desde aquí, desde o Concello, nada máis, por exemplo. Nós non somos o Concello de Madrid, é certo, o Concello máis endebedado de España, grazas á xestión do señor Gallardón, pero bueno dito eso, pregunto, fomos o Concello máis rico da provincia, probablemente, e aquí non hai nada. Somos un Concello no que urbanisticamente, se recadou un montón de diñeiro, e despois resulta que agora temos carencias económicas, para poder dotar dotacións, dotar de cartos, dotacións que construíron vostedes, que debería haber planificado, para que é, e para que sirve, e pódeme explicar cantos postos de traballo xenerou a frambuesa, aquí en Barbadás, ese proxecto Promercado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non o sei evidentemente, cando o sepa direillo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois entón eso evidencia señor Freire, cal é o uso deste Centro empresarial transfronteirizo, palla, nese caso palla; cursos de micoloxía.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, os cursos foi habendo os que demandan a xente, eles, si, si, fan un estudio, e lle pregunta, loxicamente aos empresarios, ao personal que acude y fan un sondeo y van dando cursos, que van demandando uns e outros, si, si, eses cursos son os que se demandan habitualmente; bueno en todo caso, votos a favor da moción

O sr. Valcárcel toma a palabra: Unha pregunta, ¿vaise a instalar o ascensor algún día?

O sr. Alcalde toma a palabra: Cando sea posible si. Votos en contra. Bien queda rexeitada cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: ***“Moción do PSdeG-PSOE para reactivar o Centro empresarial transfronteirizo e convertilo nun factor dinamizador do emprego e do emprendemento”***

6- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA SOLICITAR A FENOSA QUE SOLVENTE O PROBLEMA DE TENSIÓN ELÉCTRICA NA CHAIRA (PARADA E PIÑOR) E QUE O CONCELLO BUSQUE UNHA SOLUCIÓN IDÓNEA PARA A INSTALACIÓN DO TRANSFORMADOR DE REFORZO



O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto, que é unha moción do PSOE sobre solicitar a Fenosa, que solvente os problemas de Parada, neste caso ten a palabra a súa voceira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha parte do veciños de Parada e de Piñor levan anos padecendo as consecuencias dunha pésima subministración eléctrica. Os problemas están localizados por zonas e as persoas que viven nestes lugares vense afectados polas continuas caídas de tensión. Este problema xa foi comunicado oportunamente hai anos tanto a Fenosa coma ós responsables municipais pola asociación de veciños. Pero a espada de Damocles continúa sobre as liñas eléctricas da veciñanza afectada polas intermitentes oscilacións de tensión. Está claro que a potencia do subministro non é suficiente para satisfacer a demanda desta zona concreta, independentemente dos kilowatios contratados por cada usuario. Esta situación repercute na vida cotiá dos cidadáns afectados porque non se poden utilizar varios electrodomésticos ó mesmo tempo e prodúcense encendidos e apagados dos mesmos. Esta insuficiencia de tensión afecta tamén á vida útil dos electrodomésticos. A situación é tan irascible para os residentes de Parada e Piñor que por exemplo en ocasións teñen dificultades mesmo para saír das súas casas ó atrancarse o portón eléctrico. Isto pode ter consecuencias sobre a seguridade das persoas porque podería producirse unha emerxencia e a situación da potencia eléctrica impediría a accesibilidade rápida e eficaz se fose necesario o traslado de feridos ou enfermos. Os responsables municipais coñecen o asunto, pero pasa o tempo e a cuestión segue sen resolverse. Pola súa banda a empresa instalou un medidor nalgunhas vivendas que evidentemente determinou que a potencia era insuficiente. A partir de aí comezou a odisea de instalar un transformador. As vicisitudes para colocar definitivamente un amplificador de potencia foron sucesivas. A instalación no campo da festa de Parada do transformador provocou controversia e non se puido levar a cabo. Despois pretenduse colocar nun extremo do campo, pero ó estar afectado por Patrimonio tampouco foi posible. Tras sucesivas reunións veciñais acordouse propor ó Concello que negociara co Bispado para que cedera unha parcela situada preto da alameda de Parada. Pero a día de hoxe a cuestión está por resolver. A realidade é que a veciñanza leva polo menos 6 anos agardando a que o problema sexa resolto. Dende o Gupo Municipal Socialista consideramos que non só é responsabilidade de Fenosa (agora Gas Natural), senón tamén dos gobernantes locais do PP porque dende o momento en que son coñecedores de que non hai potencia suficiente continuaron concedendo licencias de obra para a construción de vivendas nos lugares situados en torno á Chaira. Deste xeito seguiu incrementando o número de veciños na zona afectada e o número de persoas que padecen as consecuencias da potencia



insuficiente. A solución pasa, segundo os técnicos, por instalar un transformador de reforzo na liña afectada. Sen embargo, tanto os mandatarios municipais coma Fenosa parecen dilatar a solución do problema. As continuas baixadas de tensión provocan que cando a liña se satura, como aconteceu este inverno, é moi complicado manter en funcionamento os electrodomésticos dun xeito normalizado, o cal provoca trastornos ós usuarios. O alcalde, como máximo responsable municipal, debería ter en conta este tipo de inconvenientes relacionados con servizos tan básicos como o subministro de enerxía eléctrica e buscar un arranxo definitivo. No PSdeG consideramos que é precisa unha solución urxente porque o tendido eléctrico actual non é suficiente para absorber o consumo da veciñanza da zona.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Solicitar formalmente a Fenosa que solucione dun xeito definitivo o problema do subministro eléctrico nas zona da Chaira, que afecta a unha parte dos pobos de Parada e Piñor.

Que o Concello busque a ubicación idónea para instalar o transformador de reforzo necesario para que a enerxía eléctrica chegue coa cualidade debida ós usuarios.

Que os mandatarios locais establezan unha vía de diálogo efectiva cos residentes afectados ou a través dos colectivos veciñais na busca dun lugar axeitado para colocar o transformador.

A sra. Morenza toma a palabra: Vostede señor Freire ten moi pouca capacidade negociadora, xa llo teño dito en varias ocasións, xa llo temos dito, doutro xeito non se entende que agora nos veña con excusas de mal pagador ó falar deste tema, culpabilizando a uns veciños, a dous veciños, di vostede, de que Fenosa decidira finalmente non instalar alí un transformador de reforzo, pouca capacidade negociadora ten. Contrádícese tamén ao afirmar que apoiarán a iniciativa socialista aínda que saben de antemán, vostede mesmo o reconece, que non se vai poder facer, vostede mesmo reconeceu que non hai partida económica por parte da empresa, comunicáranllo a vostedes, preguntarían vostedes a raíz deste moción que presentamos. O que vostede pretende señor Alcalde co anuncio que fixo, ca votación que fixo xa, en Comisión Informativa decindo que apoiaría a nosa moción, é quedar ben coa veciñanza, quedar ben coa veciñanza de Parada, porque o ano que ven hai eleccións, e se vostede agora vota en contra dunha moción do Partido Socialista para a instalación dun transformador, vai quedar moi mal ca veciñanza, entón di voutle votar a favor, pero non a vai cumprir, non a vai cumprir, sabémolo todos, sábeo usted moi ben, vostede non vai a gastar nin un só euro, nin siquiera o esforzo de tentar buscar unha solución, non ten capacidade negociadora señor Alcalde. Señor Freire, en Parada existe un problema, vostede sábeo, un problema co suministro eléctrico, nalgúns puntos, unha



situación que tamén afecta a unha parte de Piñor. A potencia do suministro non é suficiente para satisfacer a demanda nesta zona concreta, independentemente dos kilowatios contratados por cada usuario, esta situación repercute na vida cotiá dos cidadáns afectados porque non se poden utilizar varios electrodomésticos ó mesmo tempo e prodúcense encendidos e apagados dos mesmos, unha insuficiencia de tensión afecta á vida útil destes electrodomésticos, é dicir, ás economías domésticas. Tamén a súa parte de responsabilidade neste problema tena vostede, porque dende o momento en que son coñecedores de que non hai potencia suficiente continuaron, e continuaron concedendo licenzas de obra, para a construción de vivendas nos lugares situados entorno á Chaira, ademais unha zona en expansión, seguen concedendo licenzas a pesar de que levan máis de seis anos os veciños con este problema de suministro, deste xeito seguiu incrementado o número de veciños na zona afectada e o número de personas que padecen os problemas de potencia insuficiente. Vostede señor Alcalde como máximo responsable municipal debería ter en conta este tipo de inconvinientes relacionados cos servizos básicos como o suministro de enerxía eléctrica e buscar un arranxo definitivo, e non virnos agora con excusas de mal pagador, previas á campañas electorais. No PSdeG consideramos que é precisa unha solución urxente porque o tendido eléctrico actual non é suficiente para absorber o consumo da veciñanza da zona. Señor Freire, asuma a súa xestión na solución dos problemas da veciñanza, que se note que temos Alcalde, señor Freire, que non se lle visualice só en campaña electoral, ou cando sae nos medios de comunicación en cualidade de imputado. Señor Alcalde colla as rendas do asunto, pedímosllo, non se cinga solo a apoiar esta moción formalmente eiquí. Non se escude en pretextos, busque unha solución, fale coa empresa, reúnese cos veciños, para estudar outro lugar alternativo, para nós, para o Partido Socialista, isto é fundamental, está claro que nesa zona, nese perímetro onde se tentou instalar o transformador de reforzo, non é posible facelo, busquen un lugar, un lugar alternativo, capacidade negociadora, señor Alcalde. Actúe señor Freire, e non nos veña con argumentos insostibles, como o de que por culpa duns veciños o pobo perdeu a oportunidade de mellorar a calidade na prestación do suministro eléctrico, non tente manipular este problema dicindo que a empresa tiña esta planificación de invertir en Parada hai un tempo e que os cartos foron para Toén, os bos e os malos, xa pero é que vostede ten que tratar de que os cartos se volvan a invertir, se invistan eiquí outros cartos, vostede é o Alcalde

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, por suposto, moi a pesar seu.

A sra. Morenza toma a palabra: Exerza señor Freire, exerza de Alcalde, non se lle ve, a xente non o ve. Bueno si o outro día, no desfile do entroido co pendón aquel que levaban, e todo eso, si se lle viu,



aí viuselle, pero o resto do ano, nós non o vemos, os veciños non o ven. Nós solo lle pedimos, que resolva que solucione, que zanxe, que experiencia sóbralle, ou polo menos deberíalle sobrar, pero os resultados en este, e en tantos temas non lle aparecen

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Núñez ten a palabra: Bueno si, efectivamente esta xente traballo non, figurar e salir nas fotos, para eso teñen arte, para montar, pero para traballar non, levan vinte e pico anos aquí, e con xestión absolutamente nefasta, como se ve, que para proba este botón desta moción, que traedes vós hoxe aquí. Bueno unha moción, na que se solicita, se proceda a un arranxo definitivo dunha problemática relacionada ca deficiencia do suministro eléctrico na Chaira, entre os lugares de Parada e Piñor, algo que efectivamente ven de vello, y que esta xente pois evidentemente non solucionou, é decir, o que siguen é permitindo que se incrementen obras na zona de anos a esta parte, con incrementos poboacionais y con infraestrutura de hai pois moitos anos, os problemas efectivamente seguen aí. Bueno na Comisión Informativa da semana pasada, recoñecen que efectivamente se chegou a celebrar un referendun, porque houbo un veciño, que bueno, tiña, solicitou, bueno tiña problemas, ou pensaba que se lle podía ocasionar cancro, pois pola proximidade deste transformador, bueno, esto é absolutamente surrealista, é decir, organizan, permiten organizar referendums, por cuestións absolutamente menores, eu sei, é decir, aquí poderíamos chegar a pensarnos si este veciño, pois en vez de solicitar este referendun, solicita a segregación de Parada, ou a independencia de Parada do Término Municipal, que pasa faríamos o referendun, concederíamos a independencia de Parada do Concello de Barbadás, pois é decir, por que non se lles ocorre a vostedes pois outro tipo de referendun, de por exemplo, pois a xente, a veciñanza, poda preguntarse se a xente que ten, ou que temos problemas a fin de mes, os que chegan, y que relacionen esta problemática, pois cas grandes fortunas, que outros amasan durante anos y anos, chupando do teto desta Institución Municipal, é decir, por que non fan referendums deste tipo. Mire ós problemas efectivamente, hai que facerlles frente y atallalos de raíz y vostedes o que fan é mirar para outro lado, como si os problemas non existiran y é este caso o que nos ocupa. Efectivamente o BNG vai a votar a favor desta moción, porque entende que efectivamente pois hai que solucionar este problema e facelo xa

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois o Partido Popular tamén vai a votar a favor sin discusións, porque nós estamos tentando apoiar, loxicamente que lle reforcen a liña, y de feito xa o intentamos no seu día, houbo os seus problemas pero retomáremolo y trataremos de que se resolva, punto.



A sra. Morenza toma a palabra: Señor Alcalde, nós queremos lembrarlle o que está apoiando, bueno sabemos que o sabe, pero vaino cumprir, vai solicitar formalmente a Fenosa que solucione dun xeito definitivo o problema do suministro eléctrico nas zonas da Chaira que afecta a unha parte de Parada e Piñor, vai solicitar formalmente a Fenosa. O Concello vai buscar unha ubicación idónea, alternativa, falando cos veciños, mantendo reunións veciñais, ¿vaino facer?. Nótase que estamos en campaña, en precampaña, de europeas e de municipais 2015. E tamén dou por feito que os mandatarios, van a establecer unha vía de diálogo, cos residentes a través de colectivos veciñais, e que vostede vai por fin a aparecer en Parada, non para inaugurar o mesmo centro social dúas veces, non, vai a aparecer para negociar, e falar cos veciños, e ó mesmo tempo coa empresa para buscar unha solución.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si señor

A sra. Morenza toma a palabra: Congratulámonos, moitas grazas.

A sra. Secretaria toma a palabra: ¿votación?

O sr. Alcalde toma a palabra: Todos a favor me imagino

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do PSdeG-PSOE para solicitar a Fenosa que solvete o problema de tensión eléctrica na Chaira (Parada e Piñor) e que o Concello busque unha solución idónea para a instalación do transformador de reforzo:

- 1- Solicitar formalmente a Fenosa que solucione dun xeito definitivo o problema do subministro eléctrico nas zona da Chaira, que afecta a unha parte dos pobos de Parada e Piñor.**
- 2- Que o Concello busque a ubicación idónea para instalar o transformador de reforzo necesario para que a enerxía eléctrica chegue coa cualidade debida ós usuarios.**
- 3- Que os mandatarios locais establezan unha vía de diálogo efectiva cos residentes afectados ou a través dos colectivos veciñais na busca dun lugar axeitado para colocar o transformador.”**

7- MOCIÓN DO BNG SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A CRECIÓN DE EMPREGO EN GALIZA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto que é unha moción do BNG sobre a Lei de iniciativa legislativa popular para crear emprego en Galiza. Ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da crise, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de



propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos intereses nacionais de Galiza, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico do noso país. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, con máis de cen medidas para a creación de emprego en Galiza. Na súa exposición de motivos da proposición de lei (achégase anexada a proposición de lei) sinala o seguinte:

As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non favoreceren a



saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade lexislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade



noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuíndo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

Por todos estes motivos, a CIG e no seu nome o grupo municipal do BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno esta iniciativa legislativa popular, parte da Confederación Intersindical Galega, o sindicato CIG, que considera que as medidas que se levan tomado no Estado Español, e na Xunta de Galiza, por parte dos gobernos respectivos, o único que fixeron foi mermar a capacidade dos salarios da cidadanía, mermar dereitos, mermar prestacións, e dificultar polo tanto o seu nivel de vida. As medidas que contén esta Lei, que están detalladas en máis de 100 puntos nun relatorio de principios, pois para poder aplicar en Galiza para a activación da economía local, e está baseada no desenvolvemento económico e social, e suporía un aumento do emprego e unha mellora de dereitos social e da calidade de vida da maioría da poboación. Fala por exemplo de política fiscal, do incremento do gasto social, e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ó servizo da cidadanía; vimos como se destrozaron todas as caixas públicas galegas, que existían no noso País, e agora se puxeron en maus do capital privado, e polo tanto desapareceu, aqueles 60.000 millóns de euros que estaban en maus do Estado, da Xunta, das Comunidades, dos Concellos, das Diputacións, desapareceron e pasaron a formar parte do capital privado, cando eso si, foron saneadas



con diñeiro público, por eso tanto a CIG como o Bloque Nacionalista Galego, aposta por unha banca pública.

Políticas que favorezan o emprego estable, unhas salarios dignos, e postos de traballo en Galiza, para conseguir todo isto se reivindica a importancia social do público, fronte ó privado, defender a xestión pública, en lugar de defender como sempre fai a Xunta de Galiza a xestión privada, como está facendo por exemplo coa sanidade, ou coa educación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo, ou a comunicación, e loitar contra todo o que supón políticas de recortes; dá vergoña ver como agora os dirixentes do Partido Popular, Rajoy á cabeza, avergónzase do que teñen feito eles mesmos, achacando ós recortes, ás políticas de, como lle chaman eles, como lle chama a Merkel, de austeridade, ás políticas de austeridade, que era o mantra da Unión Europea, pois agora eles mesmos caen da burra e dánse conta que esas políticas de austeridade, solo levan a destrución do público, y ademais levan a desaparición de todos os dereitos laborais, a desaparición dos dereitos das persoas y a unha situación económica moito peor, como ten recoñecido a Unión Europea y o Fondo Monetario Internacional. Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise, para eso hai que pór en valor todo o que supón recursos propios do noso País, cambiando as políticas fiscais, deixar de facer políticas para os ricos, para os poderosos e apostar polo propio. Tamén é unha vergoña que as empresas multinacionais que producen en Galiza, paguen os seus impostos en Madrid, en Bilbao ou en Barcelona, e despois cando facemos as famosas balanzas fiscais, que salen nos medios de comunicación, que por certo, todos os presidentes de comunidades autónomas, teñen saído ós medios para reclamar maiores ingresos, e mellores balanzas fiscais co Estado Español, o único que non sae é Feijóo, é o único que se contenta, e precisamente en Galiza, no sector enerxético, por exemplo é un escándalo, todas as empresas que producen enerxía eléctrica en Galiza, ningunha cotiza en Galiza, cotizan en Madrid ou cotizan en Bilbao, porque son empresas de fóra do noso País, y despois eso non forma parte da balanza de ingresos e gastos no Estado Español respecto a Galiza. Galiza ten que asumir as competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, deseñar un modelo en función dos intereses de Galiza, non dos intereses de España e da oligarquía Española, que supón a destrución do noso sector primario, e mesmo da nosa industria, o único que ten feito o Estado Español desde a entrada da Unión Europea, é impedir aos galegos producir no noso País, temos unhas rías que son absolutamente privilexiadas, en todo o mundo, co calado suficiente, e co ancho suficiente, cubertas das mareas dos océanos, para producir barcos, temos a tecnoloxía, temos as empresas, temos as infraestruturas, pero agora chega a Unión



Europea, e resulta que nos prohibe construír barcos civís, eso si, Cádiz pode construílos, Algeciras tamén, pero Galiza non pode construír barcos civís, na ría do Ferrol; o mesmo pasa co agro, desde que entrou o Partido Popular na Xunta de Galiza, todas as subvencións que se teñen dado é de fomento para abandono da explotación agrícolas e gandeiras, para abandono, todo para cumprir coas directrices da Unión Europea, sectores como o naval, o agro-gandeiro, pesqueiro, enerxético, financeiro, cun peso moi importante na nosa economía, e básicos para o noso desenvolvemento económico-social, vense permanentemente limitados e reducidos, no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno Español e da Unión Europea, feitas desde a visión do centro do sistema, y en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos, que controlan as políticas e as institucións europeas, por todo isto a CIG, a Central Intersindical Galega, y o Bloque Nacionalista Galego, no seu lugar sometemos ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza, que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces, parlamentares, e presidente da Xunta de Galiza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, ten a palabra o voceiro ou voceira do Grupo Socialista

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Os Socialistas de Barbadás, consideramos que o emprego é unha tarefa de todas as administracións, como xa evidenciamos na nosa moción para dinamizar o Centro empresarial, a loita contra o desemprego empeza por deixar de aplicar prácticas supostamente lícitas na contratación de persoal, na administración local, e potenciando a actividade económica no entorno máis próximo, seguramente que a resposta do señor Freire, vai a utilizar os datos, incluso os últimos datos económicos ou de desemprego para respostarnos. O PP quere escudarse en certas cifras que son aparentemente positivas, pero esconden precariedade. A temporalidade segue aumentando, xa está perto do 24% de todos os afiliados á Seguridade Social, e a mellora do mercado laboral débese sobre todo a traballo autónomo, os contratos indefinidos teñen pouco éxito coa reforma aprobada por Rajoy, e senón se modifica esta situación probablemente chegaremos a unha taxa de temporalidade que supere o 30%. O goberno de Feijóo e de Rajoy, fomentan un tipo de emprego máis barato e de peor calidade, e por eso os últimos datos indican que en Galicia, perdemos 6.300 cotizantes á Seguridade Social, a pesares das boas cifras, ou supostamente boas cifras, perdemos 6.300 cotizantes á Seguridade Social, e ademais un 45% dos desempregados e desempregadas en Galicia, non perciben prestación algunha, o emprego malo é fácil e barato de crear. Rajoy e Feijóo pensan que o déficit é o problema



económico máis grave, e non é o problema máis grave, o problema máis grave é o desemprego. Hai poucos días Feijóo presenta un supostamente, supostamente novo plan de emprego xuvenil, trátase dunha medida de propaganda mediática, nin máis nin menos, dado que perto do 75% van adicados a becas de 426 €, con este tipo de medidas o único que se consegue e substituír emprego estable, como xa decía antes e ben remunerado, por traballo precario a tempo parcial e mal remunerado, maila esta iniciativa hai que suliñar que a Xunta de Galicia, non ten fondos consignados para este plano de emprego xuvenil, e mentras reduciu os orzamentos para impulso do emprego en máis da metade, entre 2009 e 2014. Estamos falando dun goberno autonómico que reduciu o investimento por desempregado desde os 2.500€ no ano 2009, ós 648 previsto nos orzamentos do 2014, bueno e resulta que para o PP, todo o que non sexa darlle a razón e falar de apocalipse, ou ter prexuízos como dixo Rajoy hai uns poucos días, pero a realidade é a que é, a cifra reflicten a situación de Galicia, unha Galicia que se atopa nun estado pouco alentador ó que emprego se refire. Témonos que cinguir ós feitos cando falamos dun País agonizante, con precariedade dos titulados, escaso estímulo salarial, ausencia de emprego de calidade, estrutura empresarial moi debilitada en Galicia, bueno, pois a descrición dunha Galicia con unha economía débil, e escasa capacidade para xerar emprego cuns salarios un 40% máis baixos, que comunidades autónomas elexidas como destino é unha obviedade; non é apocalíptico falar de realidades nas que os traballadores fan máis de 80 horas á semana, taxas de paro cualificado superior ó do resto do País, éxodo de galegos é a consecuencia, a Xunta de Galicia non toma medidas para evitar a saída destas persoas, esto debilita a competitividade da economía, e provoca tamén unha consecuencia nefasta, e que vostedes sempre din que queren evitar, que é, o envellecemento da poboación galega, si a xente moza emigra por cuestións laborais, pois a poboación galega evidentemente cada día será máis vella. O emprego non é unha asignatura pendente de Feijóo, é a gran asignatura pendente de Feijóo, e avaliación tras avaliación suspende nesta asignatura, está claro que as escasísimas políticas públicas de incentivación, non son efectivas, a fuga de cerebros é continúa, e xa basta de facer demagogia co emprego, é unha cuestión de todos señor Freire, e o Partido Popular, fixo demagogia co emprego, cando decía Feijóo que acabaría co desemprego en corenta e cinco días como dixo na última campaña electoral, e cando dixo a señora Cospedal, confianza, cando nós gobernemos isto acabárase, bueno, levan dous anos gobernando e resulta que a situación non escampa, non escampa señor Freire.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois nós vamos a votar a favor da moción

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu non rematei pero bueno



O sr. Alcalde toma a palabra: Sin entrar en divagacións, porque senón

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non, esto non é unha divagación, é unha realidade

O sr. Alcalde toma a palabra: Usted quere facer outra moción paralela, e eso non é o que se está debatindo neste punto, entónces.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Señora Secretaria eu prégoille que quen dirixe o Concello e as intervencións é el, non vostede. Na Deputación debatiuse esta mesma moción e non houbo interrupcións, e cunha intervención semellante ou case idéntica, non houbo intervencións, e vostede estaba alí señor Freire, e da fe deso

O sr. Alcalde toma a palabra: Eiquí non houbo interrupcións

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu non rematei

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu entendín que rematara, sinón é así disculpe, pídoille disculpas

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non, non, non, eu non rematei, ¿podo proseguir?

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Aceptadas as disculpas. Este novo exilio laboral, está agravando os problemas estruturais que teñen de seu a economía galega e os nosos cidadáns, a pesar a maquillaxe típica das cifras que fai o PP. A cidadanía galega vota en falta, unha involucración máis intensa da Xunta ante cifras tan espeluznantes como a que apunta a 91.500 familias con todos os seus membros en paro, ou 70 xóvenes que cada día abandonan a Comunidade Galega, en busca dunha vida mellor. Esos xóvenes probablemente non voltarán nunca máis para Galicia, non é de extrañar que Feijóo recoñeza que o desemprego masivo, é o principal problema económico de Galicia. Non lle falta razón, porque entre 2008 e 2013, o desemprego medrou do 8 ó 22%, a crise provocou un retroceso acumulado no índice de produción industrial, e o ratio de capital por habitante está entre os máis baixos de España, a cidadanía e os axentes sociais, reclaman políticas públicas que axuden á recuperación, como son estas cen medidas que propón a CIG, e que plantexa aquí o Bloque Nacionalista Galego, poden ser outras, poden ser diferentes, pero desde logo que é unha iniciativa loable, polo tanto ímola a apoiar. Desde os poderes públicos hai que atallar datos como o incremento do paro de longa duración, e estamos no posto número 13 nesta situación, e aquí temos que falar da emigración, é lamentable que en Galicia tódolos anos emigren as persoas máis preparadas, emigre a xente que como decía antes poden sustentar a economía deste País, pero non a economía soamente de diñeiro, sinón a economía do futuro, a economía dos nenos, os fillos, non voltarán eses mozos e esas



mozas probablemente para Galicia, entón o problema económico de Galicia cada día agravarase máis, porque non haberá poboación laboral que sustente o envellecemento desta poboación

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois como dixen antes nós vamos a votar a favor, non vamos a discutir a cuestión, porque se trata de emprego é necesario e hai que apoialo y hai que dinamizalo, entonces pois non require desde o meu punto de vista, ningún tipo de discusión, estamos de acordo

O sr. Fírvida toma a palabra: Moi brevemente si estamos todos a favor, destas medidas que propón a CIG, moi curioso que o Partido Popular estea medidas absolutamente contrarias, ao que leva facendo todos estos anos, é moi curioso, un non deixa de abraiarse, coa actitude do Partido Popular, porque o que propón a CIG, é xusto todo, todo o contrario, ao que levan facendo vostedes, e o que fai vostede neste Concello, pero xusto o contrario, y ahora dicen que o van a apoiar, bueno, maravilloso, moi contentos porque aproben esta iniciativa a ver si a poñen en práctica ademais deso, nós entendemos que a única maneira de saír dunha crise económica, para un País como Galiza, é a autodeterminación e o autogoberno, sin autodeterminación e sin autogoberno, Galiza seguirá sendo unha colonia económica do Estado Español, porén tamén da Unión Europea, colonia económica sin capacidade de decisión, non hai autonomía nin capacidade de industrialización

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois si quere interveñir o Partido Socialista, sinón entendemos que queda aprobada por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a seguinte moción:

“Moción do BNG sobre a proposición de Lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza: Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.”

8- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto que é unha moción tamén do BNG, sobre a construción do Centro de Saúde de A Valenzá, perdón antes está a da Lei do aborto, sobre a reforma da Lei do aborto.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fique fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.



Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
- Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.
- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
- O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

A sra. González toma a palabra: Aínda que xa temos, pensamos polo que xa dixeron na Comisión Informativa, que iban a votar en contra, a min gustaríame que me sorprendese hoxe, e finalmente voten a favor desta moción, porque tamén se trata de emprego feminino, esta moción, tamén se trata de mellorar a calidade das mulleres, e tamén se trata da vida das mulleres, da vida física incluso, das mulleres. Entón gustaríame, que xa que fixo a reflexión sobre as medidas da CIG, pois tamén faga reflexión antes do voto sobre esta moción. Con respecto a isto dicir, que bueno, que hai un par de días celebramos o día internacional da muller, e o 8 de marzo é unha data para reivindicar a igualdade facer balance sobre a situación das mulleres na sociedade. A loita secular de moitas mulleres que deron até a súa propia vida, conseguiu o sufraxio feminino, o dereito ó traballo e á formación profesional, o dereito a exercer postos de responsabilidade, o dereito á non discriminación laboral, pero aínda así existen moitos teitos de cristal que impiden o exercicio pleno destes dereitos. Neste



contexto as mulleres loitamos pola nosa capacidade de decidir sobre a nosa sexualidade, e tamén sobre a nosa maternidade, unha decisión que nos compete en exclusiva a nós mesmas, porque somos nós quen parimos e quen damos vida, e somos nós co noso propio corpo, non necesitamos tutelas. O anteproxecto de Lei da reforma do aborto que pretende impor o Partido Popular, atenta contra o dereito fundamental da muller, o dereito a decidir, a decidir sobre o seu propio corpo e sobre a súa propia maternidade, e a súa sexualidade. É unha Lei clasista que provocará que moitas mulleres teñan que desplazarse a outros estados, si teñen diñeiro, por suposto, y abortos clandestinos ou de risco, e de risco senón os teñen. É unha Lei que converta ás mulleres en cidadáns de segunda, ó lexitimar a súa tutela por parte de profesionais sanitarios, que se verán obrigados a actuar como xuíces, é unha Lei que suscita un elevadísimo rexeitamento social e que supón unha involución democrática con eliminación de dereitos conquistados ó longo dos anos, e hoxe asumidos pola poboación, é unha Lei que pretende que a muller volva a casa, a coidar ós anciáns e ós pequenos, é a muller que recorda a tempos, é unha Lei que recorda a tempos da sección feminina, do nacional catolicismo, é unha Lei totalmente fascista. O Partido Popular está apoiando con fondos públicos á igrexa e á red madre, para legislar sobre os nosos corpos, e chega a acusar de asesinas ás mulleres que abortan, ó tempo que fai isto está levando a cabo un proceso de desmantelamento do estado de benestar, que provocan recortes sobre a dependencia, ás axudas a mulleres maltratadas, ás axudas a infancia, que si provocan fame, que provocan desafuzamentos e si provocan suicidios e morte; logo o Partido Popular xoga con unha dobre moral que chega ó culme nestes casos, decláranse contrarios ó aborto, e despois convencen ás súas mulleres para abortar en Inglaterra, mentras as mulleres sen recursos se ven obrigadas a abortar clandestinamente e sen garantías, pondo en risco e morrendo en moitos casos, pondo en risco a súa vida, e en moitos casos morrendo. Defenden a suposta vida do non nacido, e apuñalan pola espalada a milleiros de familias, a milleiros de mulleres con fillos que pasan fame, quedan sen fogar, ou non teñen recursos para unha sanidade de calidade nos casos que o precisan. A dobre moral do Partido Popular, busca contentar por un lado a grupos integristas, que tratan ás mulleres como seres inmaduros, a ós que hai que tutelar, e basea a súa reforma en mentiras. Non é verdade que vaian a abortar menos mulleres a partir de esta Lei, eso está estudado, y hai datos, non é verdade que poidan abortar en caso de mal formación do feto, dado que os trámites que ten que pasar, impiden que o aborto se poida realizar no tempo previsto, en caso de que a súa estratexia para que esto sexa así nun futuro, chegue a bo fin. Non é verdade que un espermatozoide sexa un cigoto, nin que un cigoto, sexa un embrión, nin que este sexa un feto, nin que un feto sexa un ser humano, y eso non o digo eu, está



constatado polos científicos, e non é verdade que defendan a igualdade cando non garanten os dereitos da muller. O rexeitamento social que provoca esta Lei, vai máis alá das fronteiras do Estado Español, a nivel internacional foi calificada de escandalosa, dun forte retroceso social, involucionista e regresiva, no seno propio Partido Popular, hai, incluso en movementos cristianos de base, hai voces en contra desta Lei, eu o único que vou pedir no Pleno, aparte de que fagan unha pequena reflexión, é que voten con intelixencia e non con criterios partidarios, porque votando a favor desta Lei, é dicir, en contra desta moción ustedes están sendo cómplices da morte de milleiros e milleiros de mulleres que van a suceder, y eso é así porque historicamente, xa sabemos que foi así, y hai médicos que están dando a voz de alerta, decindo que non queren máis mulleres con hemorraxias nos hospitales, a conta de abortos de risco, entonce pídolles por favor, que fagan esa reflexión, que voten con intelixencia, y que non voten con criterios partidistas, porque serían dende o meu punto de vista cómplices das mortes de moitas mulleres que van a abortar en situación de risco, porque van seguir abortando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro ou a voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Bochorno, vergonza allea, abraio, son só algúns termos que definen a actitude, non a actitude do Partido Socialista, dunha grande parte da sociedade española. Que se pode esperar dun proxecto de Lei que os propios militantes, e os propios cargos orgánicos destacados do Partido Popular se avergoñan e téñeno dito publicamente, alcaldes, deputados, membros de cargos orgánicos do Partido en todas as Comunidades Autónomas, ate o xinecólogo que atendeu á esposa de Rajoy, lle pide que retire o anteprojecto de reforma, estamos a falar de Santiago de Seustrías, que é un prestixioso osbstreta, que define esta Lei como flash back terrorífico, se ata vostede señor Alcalde ten recoñecido, que como médico non está de acordo con algúns aspectos da reforma, vostede mesmo non está de acordo, pero claro ten que acatar ás ordes do partido. Vostedes, o Partido Popular, escúdanse nesta inxusta reforma que ataca ás mulleres afirmando que todo é mellorable, vano mellorar no Congreso, pero todos sabemos que Gallardón non vai cambiar ningunha coma, sabémolo ben, e vostedes tamén o saben, non se vai a mellorar esta Lei, vai ser a que é, ojalá non fora, ogallá. Están facendo o ridículo no seu partido, cando cargos orgánicos insultan ás mulleres que defenden o dereito a decidir, ou cando concelleiras de cultura, por non dicir de incultura, din textualmente, que hasta que o feto saia na ecografía cunha pancarta, os socialistas non entenderán que é unha persona con dereitos, e tantos e tantos exemplos de faltas de respecto hacia a muller, levamos escoitado nos últimos meses que dá vergoña; esa muller que ten que poder ter o dereito a decidir libremente, esa muller que non está disposta a que a tutelen, nin que a ninguneen, escoiten os consellos que apelan á intelixencia e



abandonen a ideoloxía ou as creencias relixiosas, que deso se trata todo isto, detrás están as crenzas relixiosas, e a ideoloxía máis recalcitrante deste País, que está aflorando. escoiten á comunidade médica, que se opón rotundamente á reforma, e ademais non foi consultada nin escoitada sobre o asunto; os profesionais que se opoñen á reforma coinciden, que son practicamente todos, coinciden en sinalar que o anteproxecto vulnera os dereitos das mulleres e convirte erroneamente o aborto nun problema psiquiátrico, son moitos os que pensan que Lei saúde sexual e reproductiva do 2010, funciona e non era preciso cambiala, ¿que foi un capricho de Gallardón?. Os datos están aí, diminuíu o número de abortos, coa Lei do 2010, ó tempo que está garantida a seguridade profesional de médicos e de mulleres, o que está claro é que as mulleres seguirán interrompindo o embarazo e irán ó estranxeiro, como dicía a compañeira Ánxela, as que teñan diñeiro, e as que non recorrerán a alternativas inseguras e abortos clandestinos. Estamos condeando ás mulleres, estános condeando ás mulleres a feridas físicas por realizar abortos inseguros, e secuelas mentais, que se conseguimos abortar de maneira legal, abortar vaise converter nunha longa cadea de trámites burocráticos para os casos tasados. O resultado será que se están guillotinando, e ímolo padecer os dereitos das mulleres e provocando inseguridade de pacientes e médicos. Os propios profesionais, en concreto os psiquiatras, reprochanlle ó goberno a que se lles estea a obrigando a decidir polas mulleres, e por nós non decide ninguén, nin Gallardón, nin ninguén: suporá que teñan que certificar dano grave e permanente na saúde mental das mulleres, algo que no futuro lles poderá traer consecuencias a estas mulleres, porque podería influír nas demandas de tutela dos seus fillos, ou podería influír incluso ante unha oferta de emprego, e os datos están aí señor Alcalde, vostede coñéceos ben, son aproximadamente unhas 100.000 mulleres que se verán afectadas, polas restricións da nova Lei, porque hai que ter en conta que o 90% dos abortos víñase producindo nas primeiras 14 semanas, unha posibilidade que agora desaparece coa nova Lei.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, en primeiro lugar dicir, creo que este non é o debate adecuado para este tema, para eso está precisamente o legislativo e o Parlamento, que é o que está agora neste momento, co tema a debate, y dicir que nós vamos a votar en contra evidentemente, pero esperamos, e estamos seguros de que vai ser así, que se mellore no transcurso do debate parlamentario, y que obviamente que se vaian matizando unha serie de aristas que ten, que ten moitas, y nós estamos seguros que vai ser así, pois nada máis.

A sra. González toma a palabra: Pero non é nada máis, vamos a ver, primeiro, en primeiro lugar, este si é o lugar onde se debate, porque este é un foro, donde se poden traer este tipo de problemáticas,



y desde aquí se pode instar para presionar, para que esta Lei non vaia arriba. Segundo, é un dereito humano conquistado ó longo dos séculos, que vai traer unhas consecuencias nefastas para as mulleres deste País, e do resto do Estado Español, por suposto, están, é un dereito humano dende o punto de vista de que é un dereito conquistado, e ustedes están apelando, desde o Partido Popular a un modelo de muller que hasta agora estaba superado, a un modelo de muller, que ten que ser nai, e adicarse a coidar ós seus fillos na casa. Desde aquí, imos ir dexenerando hacia outros lados, é decir, agora mesmo é así, despois van ser máis, o dereito ó traballo, e chegaremos a un punto que chegaremos ó dereito ó voto, tal como estamos. Eu, hai un ano Silvia, non me podía esperar que esto pasase, pregúntalle ás mulleres que loitaron para o dereito ó aborto, e para que a Lei do 2010 fose adiante, pregúntalle a cara que poñen, pregúntallo, non vou a permitir, e menos a unha muller que debería darche vergonza, que se ría ante unha afirmación deste tipo, porque é así,

A sra. Secretaria toma a palabra: No me estaba riendo

A sra. González toma a palabra: Vinte eu, do voto

A sra. Secretaria toma a palabra: Es que me parece un poco exagerado

A sra. González toma a palabra: É que é tan retrógado, como que nos eliminen o dereito ó voto, Manolo, fíxate ben, o sea, para min de feito, para min é máis grave que eliminen o dereito ó aborto, que o dereito ó voto, si queres que che diga a verdade, por unha razón, porque no dereito ó aborto está en xogo a miña vida, e no dereito ó voto, non, tamén, pero á miña vida física, á miña vida física, no dereito ó aborto, está en xogo a nosa vida física, a vida das nosas fillas, que pasa, claro, unha gran diferenza, y aí está a dobre moral do Partido Popular, aí está a dobre moral do Partido Popular, si é a filla do señor Alcalde, ou de outro que teña o poderío económico que ten o señor Alcalde, esa nena vai poder pagarse un viaxe a Londres a unha clínica privada, e o viaxe en avión, e seguramente terá estudos de inglés ou intérprete, para poder ir a Londres a abortar, si é a filla dunha muller sin recursos, nin vai ter coñecementos de inglés, nin vai poder viaxar a Londres, nin vai poder pagar nunha clínica abortista para que aborte, pero vai abortar igual, con outros medios, y aí está donde corre o noso dereito, donde corre risco a nosa vida, e si señor é así, é así, non espero que tú o entendas, non espero que tú o entendas, o que si espero, é que o entendan cando menos as mulleres do Partido Popular que están aquí, e extrañame moito que o señor Alcalde non chegue a estas conclusións sendo médico, extrañame moito, e despois outra cousa, esto non é algo que eu esté vendo en unha bola de cristal, esto é algo que xa ocorreu moito durante moitísimos anos, moitas mulleres morreron, e quedaron con secuelas físicas moi graves, por abortar na clandestinidade, moitísimas e está



documentado hasta en películas, hasta en películas, está documentado, y moitas outras foron a Londres, as das clases sociais poderosas a Londres a abortar, a esas non lle pasaba nada, ás outras si. Esa é a dobre moral do Partido Popular, y vostedes votando en contra desta moción, están sendo cómplices de todas esas mortes

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra para rematar, ¿non?, bueno pois entonces sometemos a votación a moción. Votos a favor da moción, votos en contra, queda rexeitada cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: **“Moción do BNG sobre a reforma da Lei do aborto”**.

9- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DA VALENZÁ.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción, que é a moción do BNG, sobre a construción do Centro de Saúde da Valenzá, ten a palabra o seu voceiro, ou a súa voceira

O sr. Fírvida toma a palabra: Non sei si o debate vai ser igual de fructífero que na moción anterior, no Centro de saúde da Valenzá, ben podía haber un servizo de atención á muller, para tratar tamén estes problemas, y asesorar á muller a estas cuestións, na súa problemática vital, pero non sabemos se co Partido Popular, esto pode chegar a ser algún día unha realidade, porque tampouco sabemos se algún día vai haber Centro de saúde na Valenzá. O concello de Barbadás, como xa todos sabemos, é un Concellos de maior crecemento demográfico de toda Galiza nos últimos anos, e lamentablemente este crecemento demográfico non vai acompañado polo incremento de infraestruturas públicas e de servizos sociais. Servizos como asistencia a persoas maiores, garderías públicas, ensino secundario ou servizos deportivos continúan a ser hoxe unha quimera en Barbadás. Mais hai un servizo público que Barbadás non ten hoxe en día e que é absolutamente imprescindible que se preste nas mellores das condicións posibles, y nos estamos referindo á sanidade. A sanidade é nun dos campos que ten máis recortados dereitos, pretaciós nos últimos anos, a niveles, como decía agora mesmo Ánxela tamén, que hai poucos anos era impensable que tivéramos unha situación sanitaria como a que temos na actualidade, esto vai a significar tamén moitos mortos, pasou en Inglaterra cas medidas de Margaret Thatcher en materia de sanidade, e pasa en todos aqueles sitios onde se aplican medidas de recortes sobre a sanidade. Hoxe hai xa moita xente que non pode ter acceso a unha sanidade por falta de recursos económicos, hai persoas maiores que non teñen diñeiro e que están deixando de tomar



medicación, si Manolo, si, ao mellor a ti non che pasa, pero asegúrocho, porque hai estadísticas, de que hai moita xente, e o dicen os médicos, dino os médicos, hai unha porcentaxe importante no noso País de persoas maiores que están deixando de medicarse por falta de diñeiro, porque teñen que ir á farmacia a comprar medicación. Bueno, eu vou decir unha cosa solo e non a vou volver a repetir, o meu pai paga máis de 36 € ó mes en medicación, que antes eran gratis, y recibiu tratamento intrahospitalario e o pagou, entendido, e o pagou, porque pode pagalo, hai xente que se está plantexando deixar tomar medicación, porque ou comen ou toman medicación, así que esto non é ningunha broma, non é ningunha broma, claro vós non o sufrides, non, nin eu, pero é así, é así Manolo. Bueno estamos falando do Centro de saúde de Barbadás. En Barbadás existen dous mal chamados centros de saúde: un que conta con un só profesional médico, que curiosamente coincide co Alcalde do Concello, a quen se lle creou a plaza para que el seguira traballando a 50 metros da súa casa materna, e 20 metros do Concello, praza que se iba a amortizar pero que se mantivo, pois polo que estou dicindo porque é para o señor Alcalde de Barbadás, e outro na Valenzá, situado nun baixo dun edificio, que non cumpre cos requisitos que debería contar un centro de saúde propiamente dito, con espazos mínimos, sen ventilación, onde as médicas e as enfermeiras, e os médicos e os enfermeiros vense obrigados a compartir espazos, e onde nin sequera existe un lugar acaído para almacenamento das historias médicas. O PP, e o Alcalde de Barbadás á cabeza levan moitos anos prometendo de maneira enganosa, tramposa e manipuladora á poboación do Concello a construción dun Centro de saúde; eu lémbrome cando comprei o piso na rúa das Burgas, que había un letreiro enorme, debía medir 5x4 que puña, próxima construción do Centro de saúde de Barbadás, eu lémbrome perfectamente, cofinanciado coa Xunta de Galicia e tal, o letreiro desapareceu, á terra déronlle catro voltas, fixeron un burato, encheron o burato, volveron sacar terra, e volveron botar terra, catro veces, e agora está como un alto de dous metros, que non serve de nada porque a xente fixo unha entrada pola parte, cerca da rúa do Viso, y entran por alí camións e coches, y úsase de aparcamento público, y así está, eso sí con risco de que calquera día caen pedras por alí, e menos mal que por esa beirarrúa non pasa xente, pero calquera día caen pedras, porque cando chove moito hai por alí regatos de agua e levan terra, e calquera día, caen pedras e hai unha desgracia, polo menos escarallan un coche. Pois eso é o que temos no Concello, desde hai 10 anos, as promesas reiteradas de cumprir, de facer un centro de saúde en Barbadás. Lembro setembro do ano 2009, manifestación dos veciños de Barbadás, Avenida de Celanova, diante do Centro de saúde, manifestación con megafonía incluída, manipulaba a megafonía un contratado do Partido Popular, que foi nas súas listas,



manifestación para reivindicar a nova construción do Centro de saúde de Barbadás, periódico La Región ese mesmo día publicita un anuncio, onde o Alcalde se compromete a iniciar as obras a principios do ano 2010, aínda teño en casa ese recorte, o Alcalde de Barbadás, se comprometía a iniciar as obras a principios do ano 2010, claro o outro día cando chegamos ás Comisións e preguntamos polo Centro de saúde de Barbadás dixéronos: no si xa está, pasa que, xa está, pasa que nós non temos ollos e non o vemos, pero xa está feito, seica comenzaron as obras a comezos deste ano, e oe, e non nos enteramos, eu non vin unha paleadora alí en todo este ano, pero resulta que xa está comprometido, financiado, toda a tramitación administrativa, todo o que se require de concesións, de licitacións, está todo feito, e a obra tiña que comezar a inicios deste ano, e estamos a 10 de marzo, segundo o Tenente de Alcalde hai que darlle de marxe ata maio ou xuño, eso é comezos de ano, maio ou xuño, pero aínda non sabemos de que ano, e así seguiremos ano tras ano, facendo promesas electorais, facendo tal. Miren, eu solo vos digo unha cousa, vostede señor Alcalde, é unha persoa abominable, e non é porque o diga eu, é que o dice Martínez Pujalte, do Partido Popular, no, no de verdade non o digo eu, eu podo chamarlle mentiroso, porque teño argumentos, abominable non, pero según Martínez Pujalte si, si, porque vostede en vez de loitar polos dereitos e por mellorar a situación da cidadanía de Barbadás, ten diñeiro en Portugal, estafando á Facenda Pública, según Martínez Pujalte, todos aqueles que defrauden á Facenda Pública, son abominables, palabras del, textutais; pois co Centro de saúde pasa exactamente o mesmo, vostedes minten, enganan, manipulan, e despois aínda teñen o orgullo de decirnos aquí no Pleno, que bueno, cando se lles acaban os argumentos, que vostedes ganen as eleccións, e polo tanto poden facer o que lles pete, máis ou menos, que como nós perdemos as eleccións e vostedes siguen ganando, a xente confía en vostedes, poderán enganar ás persoas, poderán enganalas, e poderán seguir votando ó Partido Popular, pero a realidade é que estamos en marzo do 2014, e todavía non comenzaron as obras de construción do Centro de saúde, esa é a realidade.

ACORDOS

Que o grupo de goberno do PP de Barbadás dea explicación de cal é a situación actual no proceso de construción do centro de saúde da Valenzá e de cales foron os trámites e xestións feitas desde o concello para a súa consecución.

Que o grupo de goberno solicite da Xunta de Galiza a inmediata construción do centro de saúde da Valenzá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do Partido Socialista



O sr. Valcárcel ten a palabra: Pois ben, a exposición do Bloque Nacionalista Galego, do señor Fírvida, cingúese á realidade dos feitos. As peripecias do Centro de saúde da Valenzá, son semellantes ás do Polideportivo, pero esto non debe asombrarnos xa que é o comportamento habitual do señor Freire, no que atinxe ás dotacións do noso Concello estos avatares, son el pan nuestro de cada día. Elección tras elección hai unha promesa de Freire en relación ao Centro de saúde, e non só ó Centro de saúde, tamén ó novo Centro de día, e así sistemáticamente, e tras cada elección unha promesa incumplida, xa non sabemos cantas van, eu encargueime de relatarllas no último debate dos orzamentos, cando lle mostrei o seu programa electoral, e o comparei coa realidade, pero bueno, eso non quita que gañen as eleccións, eso é certo. O Grupo Socialista presentou diversas mocións sobre este tema, en outubro de 2009, en febreiro do 2011, tamén despois da presentación do proxecto presentamos unha nova moción, para que se instara á Xunta a definir os servizos que se ían a prestar no novo Centro de saúde, así como a súa dotación e o tipo de xestión, tampouco nos soubo contestar sobre ese tema, incluso a Deputación Provincial pagou anuncios que prometían a construción do Centro de saúde, o que ten gardado o señor Fírvida na súa casa, pero bueno, os cartos vostedes predicán a austeridade, pero resulta que se gastan os cartiños de todos nós, en facer anuncios que despois son falsos. A desidia do equipo de goberno do PP no Concello de Barbadás, neste asunto ven de tempo atrás, os responsables municipais nunca pensaron en entregar ó Goberno Autonómico uns terreos axeitados, e á proba me remito, os terreos sempre estiveron condicionados pola especulación urbanística, e a ubicación actual estivo marcada por intereses particulares pero que nunca tiveron en conta as necesidades reais da veciñanza. A baixa calidade dos terreos e a insuficiencia dos mesmos, quedou evidenciado, cando o Concello a instancia da Consellería de Sanidade dirixida por M^a José Rubio, tivo que pór a disposición da Xunta de Galicia 1.500 m² máis, sobre os inicialmente ofertados. O Partido Socialista sempre apostou por un Centro de saúde moderno, con todas as especialidades que o noso Concello precisa, topándose sempre co mesmo atranco, a calidade dos terreos, e o seu incómodo e difícil acceso. A demagogia e o populismo máis retrógrado, impregnaron sempre as actuacións do Alcalde, pero a súa ineficacia é proverbial, a día de hoxe como quedou patenten na Comisión Informativa aínda non saben cando se van a inicial as obras, vostedes mesmos non o sabíades, recoñecérono na Comisión, ó longo deste ano, tal, bueno, pois ben. O señor Alcalde ten que explicarse e dar a cara, non só neste Pleno, sinón que deberá informar á cidadanía das súas xestións do Centro de saúde, se é que fixo algunha; explicar cales son os motivos, dos continuos retardos e incumplimentos, explicar as razóns polas que se pagou un anuncio que resultou falso, ten que fixar



unha data definitiva para a data das obras, e ten que explicar porque trouxo eiquí a Eloína, á señora Eloína, a presentar un proxecto que non está en marcha, trancorrido creo que xa ano e medio, non sei para que a trouxo aquí, eu supoño que había algún proceso electoral, ou equívócome, non o sei agora mesmo. Ademais ten que garantir que o novo Centro de saúde, contemple e teña unha carteira de servizos acorde á situación demográfica de Barbadás, este Concello vai a seguir medrando, afortunadamente para todos nós, vai seguir medrando, polo tanto necesita un Centro de saúde digno e que permita ampliacións, e non queremos volver a situacións de hai anos, non moitos, todo sea dito de paso, nos que moitos dos nosos cativos de aquí do Concello, tiñan que irse á Carballeira a atención pediátrica, e sabe que eso é certo, e polo tanto, ten que vixiar para que haxa un Centro de saúde, que cumpla cos requisitos necesarios, para que se presten todos os servizos que permita unha ampliación, e que ademais responda ó útil no aspecto público, que non nos atopemos con noticias como as do CHOU, e a súa ampliación, que resulta que a súa externalización de servizos e cousas polo estilo son paralizadas por un xuíz. Señor Freire seriedade con este asunto, non só a construción, senón ir máis aló, é dicir, que non constrúan un Centro de saúde digo, e que sexa público, enteiramente público. Ten que explicarse e convencer, xa non valen máis excusas e dilacións, e por suposto non máis enganar nin mentiras. O Bloque Nacionalista bríndalle aquí un foro exquisito, excelente para que nos explique paso a paso, polo miúdo, cando se vai a facer, que xestiós fixo, por que hai estes atrancos

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois mire, terminou si, preguntáballe si terminara. Bueno pois vamos a ver, nós vamos a apoiar a moción, como non, vamos a ver. En primeiro lugar, dar explicacións, voullas dar, en segundo lugar solicitar á Xunta que se poña en marcha a construción de inmediato, pois por suposto que tamén estamos de acordo, ises dous puntos que usted trae na moción, nós vámolos a apoiar, vamos a votar a favor. Bien, decirlle que en cuanto ás explicacións sonlle sencillas, xa llas din o outro día na Comisión Informativa, y ahora llas poden ampliar un pouco pero relativamente porque os argumentos son os mesmos, é dicir, posto me puxen eu personalmente en contacto coa Consellería, y se me dixo que loxicamente, que efectivamente hai un incumprimento, porque dixeron que iban, que no primeiro trimestre iban a empezar. Bien, teñen tido, porque me van a sacar un paquete de 18 xuntos, teñen tido algún problema con outro máis por aí, a nivel de proxecto e cousas destas, y que está a cousa de inmediato como tal, da mesma maneira que tivo tamén un pequeno retransco na adjudicación do tema do CHOU, pois neste caso en concreto tamén hai algún problemilla, pero basicamente dese estilo, non é por cuestións económicas, senón por temas de proxectos de algúns dos outros centros de saúde que están no mesmo paquete, en todo caso, se me



dixo, porque eu non son quien para garantir nada, porque loxicamente non é competencia municipal, que no primeiro semestre, que a idea é que estea adxudicado, e que esté posto en marcha, polo menos os inicios do centro de saúde, y retomando as súas palabras de antes, da mesma maneira que parecía increíble o do Polideportivo y se vai poñer en marcha, eu estou seguro que co Centro de saúde vai pasar exactamente igual, o sea, tardar tardou, é certo, eu asumo a tardanza, pero é que a culpa non é do Alcalde nin é do Concello porque nós puxemos os terrenos a disposición y puxemos todo a disposición da Xunta, non se pudo facer hasta ahora, por unha serie de avatares, que foron surgindo cambios de goberno, dunhos e outros, y hasta agora non se pudo poñer en marcha, pero o que si estou seguro, é que agora é que si se vai poñer en marcha, porque non hai ningún motivo para non o facer, nada máis.

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno, vale, vostede sabe que hai unha suspensión na construción dos centros de saúde de Galiza, que eses dezaioito non se van facer agora, que se tomou unha decisión para tamén recortar diñeiro y hai centros de saúde que non se van construír, vostede, a Conselleira comentoulle esto

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, a Conselleira non me comentou eso, y é máis me dixo, senón poden ser todos, hai algúns que son prioritarios, y o de Barbadás vai ser un deles, se van a sacar no primeiro semestre

O sr. Fírvida toma a palabra: Non van ser todos

O sr. Alclade toma a palabra: Non, non, dixo, si hai dificultade y non puideran ser todos, hai algúns, en Ourense tamén me dixo o do Puente, o do Couto perdón, o do Couto, y este, que serían dos prioritarios y que se sacarían

O sr. Fírvida toma a palabra: Non se van suspender, da vostede a palabra neste Pleno, que a Conselleira de Sanidade de Galiza, lle dixo a vostede directamente que, o centro de saúde da Valenzá, vaise facer con carácter prioritario, non é dos que van ter unha suspensión

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, dou palabra, sin ningún problema

O sr. Fírvida toma a palabra: Vale, y segunda cousa, que se comezan as obras, vostedes dixo licitación, no primeiro semestre, o que nos dixo nas Comisións é que xa estaba licitado

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, preguntou a licitación, perdón non señor, que aínda ustedes me preguntaron a quen, e díxenlle que non sabía, que non sabía si estaba licitado ou non, eso díxenllo na Comisión

O sr. Fírvida toma a palabra: Dixo que estaba adxudicado



- O sr. Alcalde toma a palabra:** Non dixeran eso, que estaba para adxudicar
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Bueno en fin, escoitamos mal Victoria y eu,
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois escoitarían mal, eu non dixeran que estaba licitado
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Da igual, o que importa é o que se diga agora, da igual, da igual.
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Que vai ser con fondos propios, que non vai ser con financiación privada, eso dixeran, y que non sabía, dixeran que non sabía, si estaba ou non, porque de feito, non o sabía, agora sei que non está
- O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿Está licitado señor Freire?
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Non.
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Cando se vai licitar
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Se me dixo que no primer semestre, se me dixo hoxe a mañá.
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Entón non está adxudicada a obra
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Claro
- O sr. Fírvida toma a palabra:** E se vai a adxudicar no primeiro semestre
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Porque hai algunhas dificultades con outros
- O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿Cal é o prazo para o inicio das obras desde que se adxudique?
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Creo que son seis meses
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Non, licitación no primeiro semestre, eso é no primeiro semestre, pero é que vostedes acaban de aprobar esta moción, e aquí pon que se dea explicacións, eu por eso estou facendo todas as preguntas que tal
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Y eu lle dou todas as explicacións que sei
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Si se licita e se adxudica no primeiro semestre, ¿cando comezarían as obras?
- A sra, secretaria toma a palabra:** No necesariamente, que se licite no significa que se tenga que adjudicar
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Xa, claro, vaise a licitar no primeiro semestre, ¿cando se vai a adxudicar?
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver, eso non depende, non llo podo non o sei
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Non o sabe, o sea, falou ca Conselleira e non sabe nada
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu sei o que me dixo, os trámites son os que lle corresponden, eso leva un tempo



O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Cando cree vostede que empezarán as obras, en Barbadás no Centro de saúde?

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu teño a esperanza de que empecen no primeiro semestre

O sr. Fírvida toma a palabra: Que se vai facer todo, licitación, adxudicación

O sr. Alcalde toma a palabra: Teño a esperanza que se faga no primeiro semestre, teño a esperanza, oye se non se cumpre mala sorte, que quere lle diga eu espero que si.

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno da igual, estamos no de sempre, podemos darlle mil voltas, falar do pasado, dos anuncios de televisión, de prensa, de campañas electorais, de votos que ganaron vostedes e nós non ganamos, de todo, si home si, todo pódese facer absolutamente todo, non temos centro de saúde e vostede non ten nin puta idea de cando se vai facer, ese é o resume do que nos acaba de explicar agora mesmo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Esa é a súa conclusión.

O sr. Fírvida toma a palabra: Falou ca Conselleira, a Conselleira lles dixo que había dezaoito centros de saúde máis, que algúns son prioritarios, y outros non, que hai un que é prioritario que é o da Valenzá

O sr. Alcalde toma a palabra: Non me dixo que non eran, non, no me dixo que non eran prioritarios ningún, dixo que este que estaba nos prioritarios

O sr. Fírvida toma a palabra: Pero xa lle digo eu que non se van facer os dezaoito, non se van facer porque non hai diñeiro, como é con financiación pública, non hai diñeiro para os dezaoito, pero vostede di que o da Valenzá si, pero non sabe cando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa lle dixen que no primeiro semestre

O sr. Fírvida toma a palabra: Non pode nin vostede sin a señora Conselleira, home foi pena, como dicía Valcárcel que está recollido na moción, que cando trouxo á Casa da Cultura de Barbadás, un power point, y a xerente do CHOU, y carretou todas as persoas maiores de Fonval para arriba, para encher aquilo, porque senón estaban catro gatos, foi pena que vostede non lle dixera eso ós cidadáns, antes de votar, foi pena que vostede non lle dixera que é incapaz, que é inútil absolutamente para dicir unha data do inicio das obras, que é incapaz de decirlle a unha Conselleira do seu partido, que empece a construción inmediatamente, que levamos dez anos esperando, dez non, máis de dez anos esperando que se licite, que se adxudique, bueno xa todo eso, e non ten á data de hoxe non ten nin idea de nada, pero claro eso vostede cando da os mítines por aí non o conta, e a vostede lle cree a xente, ten ese don, si llo cree.



O sr. Alcalde toma a palabra: Pois que lle vamos facer, esa é a diferenza entre usted y eu.

O sr. Fírvida toma a palabra: É un mentiroso compulsivo

O sr. Alcalde toma a palabra: A vostede non lle crerá, e a min créenme, porque teño credibilidade, simple e llanamente, que lle vamos facer.

O sr. Fírvida toma a palabra: Esa, efectivamente, esa é a diferenza, esa é, a vostede llo di, efectivamente nós non mentimos, e non nos cren, e vostede minte e non nos cren, xa está.

O sr. Alcalde toma a palabra: Que lle imos facer, ese é un problema que teñen vostedes de credibilidade, cambien de candidato, que o teñen complicado, con estes candidatos tanto o Bloque como o PSOE.

O sr. Fírvida toma a palabra: Está claro, como agora estas actas se recollen de maneira literal, supoño que quedará recollido na acta deste Pleno, que o señor Alcalde recoñece que lle minte a todo o mundo, e que a xente lle cree

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non lle minto a nadie,

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, si, si, porque o que acaba de decir ten que constar así na acta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Para nada

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, si, si, y que vostede gana eleccións porque é moi bo actor, e porque aínda que lle minta á xente reiteradamente, a vostede llo creen, y acaba de decilo, y eso é así, y así constará nesta acta

O sr. Alcalde toma a palabra: Non sea demagogo, non sea demagogo

O sr. Fírvida toma a palabra: Sin embargo os do Bloque Nacionalista Galego, que non somos moi bos actores, somos muy malos actores, dicimos a verdade e non nos creen, pero a vostede lle creen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non digo que sexan malos nin bos, dio a xente

O sr. Fírvida toma a palabra: Fíxese vostede que clase de político é, vostede non defende a verdade, vostede defende a creencia en supostas realidades que vostede vai vendendo por aí, é o que defende, acaba de dicilo agora mesmo

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo nas persoas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nas persoas, pois creer en vostedes

O sr. Alcalde toma a palabra: A min a Conselleira me dice unhas datos, e llos traigo aquí, e llos digo y é o que hai, eu non lle podó garantir algo que non depende de min solo.

O sr. Fírvida toma a palabra: Conclusión, sígalle usted mentindo ós veciños, non sei, que indefinidamente, para toda a historia seguirá mentindo e a xente seguirá sin ter centro de saúde en



Barbadás. O que saco de conclusión de aquí é que vostede non ten nin idea, nin de cando se vai licitar, nin de cando se vai a adxudicar, nin de cando se vai a construír, o único que ten é unha promesa, mire

O sr. Alcalde toma a palabra: Faise o sordo ou non o quere oír, eu díxenllo usted non o quere oír, problema seu.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si oíno perfectamente, pero igual que oín con Victoria o que nos contou nas Comisións, tamén escoitei esto

O sr. Alcalde toma a palabra: É unha mentira encuberta, señor, señor Fírvida totalmente, porque eu non dixen esto, e usted quere oír o que usted quere oír, pero non é así.

O sr. Fírvida toma a palabra: Encuberta. Non, é todo mentira. Eu no ano 2008, oín a un Conselleiro da Xunta de Galiza, decir que en xaneiro do ano 2009, se colocaba a primeira pedra do instituto de Barbadás, pero non me fagades caso, eu oíno, pero non, ah tú tamén, vale, menos mal, María

O sr. Alcalde toma a palabra: Acabouse o debate

O Sr. Fírvida toma a palabra: Eu non acabei, por favor Valcárcel, por favor un segundo que non acabei

O sr. Alcalde toma a palabra: Acabóuselle o tempo

O sr. Fírvida toma a palabra: Menos mal que non me quedei solo, que me estaba empezando a volver tolo, pensei que solo o escoitara eu, escoitara ó Conselleiro de Educación, que puña a primeira pedra en xaneiro, menos mal

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, vale do tema

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu oín en setembro do ano 2009, a un Alcalde na Avenida de Celanova, con un micro na mau decir que a comezos do ano 2010 empezaba a construción do centro de saúde de Barbadás, vós escoitastes eso, e que sinón me estou volvendo tolo, de verdade, xa empezo a dubidar, oísteo non, menos mal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Remate, por favor.

O sr. Fírvida toma a palabra: Remato, non ten nin idea

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro, un minuto

O sr. Valcárcel toma a palabra: Un minuto, ¿por que?, non me corresponde por tempo, por regulamento, outro tempo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Son tres minutos



O sr. Valcárcel toma a palabra: Tres correspóndeme agora, que eu saiba, entón. Vale, pero serei máis breve. Este debate que acaba, esta explicación que acaba de facer vostede de facer aquí é bochornosa, eu iríame para a miña casa, se teño que dar esa explicación señor Freire,

O sr. Alcalde toma a palabra: Que gana ten vostede

O sr. Valcárcel toma a palabra: No, mire

O sr. Alcalde toma a palabra: Se non me vou a vostede acábanselle as expectativas

O sr. Valcárcel toma a palabra: Señor Freire, eu iríame para a miña casa, por ética, por decencia persoal, que é o que vostede probablemente, digo probablemente lle falte, entón, porque a min veñen con unha historia, de hai dez anos, na que xa mentiron anunciando que construían o Centro de saúde no ano 2010, e resulta que agora vostede non sabe cando se vai a construír, vamos é lamentable, cando é un dos problemas máis acuciantes destes, dos nosos veciños deste Concello. Vamos a ver, vostede fala de credibilidade nosa e do señor Fírvida, ou dos candidatos, ¡virgencita, virgencita, que me quede como estoy!, así se lo digo, ¿eh?, ¡virgencita, virgencita, que me quede como estoy!,

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois ó mellor vaise quedar, ¿eh?, non lle quepa a menor duda, non lle quepa a menor duda para o seu disgusto, non vaia pensar o contrario

O sr. Valcárcel toma a palabra: Voulo decir así de claro, mire, algúns viñeron a resolver a súa vida persoal ó millor na política, outros témola resolta, así llo digo

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, algúns dos que están sentados nestas bancadas, non todos ¿eh?, ó mellor algún tamén ven

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non sei, algún no seu momento, aquí temos cada un resolve a súa vida, afortunadamente e non utilizamos a política para eso. Explíqueme agora como é posible que a Conselleira lle fale de problemas económicos cando supostamente o financiamento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non lle dixen económico, non ve como volve a entender mal, anda mal de oído.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Problemas de cartos

O sr. Alcalde toma a palabra: Díxenlle problemas técnicos, de algunhos centros.

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿A financiación ven da Unión Europea?, falou de problemas económicos tamén.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non dixen económicos, problemas de tipo técnico noutros centros, non dixen nada, senón dígollo agora.



O sr. Valcárcel toma a palabra: Non sei constará aí, senón eu anotei por si acaso, pero bueno pode estar errado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale pois anotou mal, terá que ir o oterrino

O sr. Valcárcel toma a palabra: Outros terán que ir a outro sitio, que ó mellor é a a confesar os seus pecados, e as súas mentiras, que ó mellor é máis grave, igual vostede ten que ir ó cura a confesar os seus pecados, sabe.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois irei cando lle corresponda, non se preocupe

O sr. Valcárcel toma a palabra: Exactamente, exactamente, pois é millor cando procede. Os cartos proceden da Unión Europea, entón explíquenos cales son os problemas técnicos, vostede, si eu teño unha interlocución coa Conselleira preguntarei cales son os problemas técnicos, canto pode ser o tempo de retraso, cales son os problemas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu xa llo preguntei, xa llo dixen

O sr. Valcárcel toma a palabra: E contestoulle

O sr. Alcalde toma a palabra: Si claro, non llo dixen

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois non anotei a resposta, pero bueno

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Terminou?

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, acabei

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno pois venga, votos a favor, votamos a favor todos entonces a moción, desta maneira non hai ningún tipo de problema, á larga as explicacións xa llas din, o do solicitar á Xunta que o faga, estamos todos de acordo, unanimidad

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:
“Moción do BNG sobre a construción do Centro de saúde da Valenzá: Que o grupo de goberno do PP de Barbadás dea explicación de cal é a situación actual no proceso de construción do centro de saúde da Valenzá e de cales foron os trámites e xestións feitas desde o Concello para a súa consecución.

Que o grupo de goberno solicite da Xunta de Galiza a inmediata construción do centro de saúde da Valenzá.”

10- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA DINAMIZAR O NOVO LOCAL SOCIAL DE LOIRO E QUE SE SUBSANEN AS DEFICIENCIAS QUE PRESENTA



O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción que é do Partido Socialista sobre o local social de Loiro, ten a palabra a súa voceira.

A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE): No ano 2011 inaugurouse o local social de Loiro, e non sen polémica, porque como acostuma a ser habitual, xa levaba rematado preto de dous anos, e aínda así inaugurouse próximo á eleccións municipais. Os socialistas de Barbadás recordamos tamén que esta obra foi levada a cabo con cargo ós fondos do Estado, e que non lle custou nin un euro ó Concello de Barbadás. Aínda así publicitouse desde o Concello, publicouse unha revista na que se publicitaban e asumían como propios todos e cada un dos proxectos financiados co Plan E.

O sr. Alcalde toma a palabra: E logo non son do Concello, acaso.

A sra. Presas toma a palabra: Estou falando.

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, pero estoulle contestando, porque creo que son tonterías

A sra. Presas toma a palabra: Pero despois respóndeme ao acabar a intervención por favor. A día de hoxe temos que dicir que o local, por decilo de algunha maneira, está semiabandono, dende o Grupo de Goberno, non se fai nada para tratar de dinamizar un local de características envidiables para o resto do Concello, algo si, sacalo na foto do calendario. Din que son os veciños os que non queren ir para o local, non me extraña, non sei que veciño quere ir para un local valeiro, frío, sen luz, sen calefacción, sen televisión, ca tarima flotante levantándose, isto é indignate, é un local morto. Un local destas características e que tantos cartos custou ó Estado é penoso que se atope con estas características. Dende o Grupo Municipal Socialista facemos responsable ó Señor Alcalde desta situación de rápido deterioro e esiximos que asuma as súas obrigas como Alcalde, e que vele pola mellora deste local para facelo máis accesible e cómodo para toda a cidadanía de Loiro. A súa desidia, a desidia do Equipo de Goberno pode ser considerada como despilfarro desde o momento en que non pon en valor unha dotación cun importante custo e pensada para mellorar a calidade de vida dos veciños. Nós consideramos que si é urxente resolver as carencias que presenta, é fundamental por todos os medios que están ó voso alcance, ó alcance do Grupo de Goberno, para dinamizar o local social, que suba o Concelleiro de Asuntos Sociais, a abrir o local tódolos días, se fai falla, si gobernáramos nós, que non é o caso, porque senón xa non estaría abandonado, o Concelleiro de Asuntos Sociais subiría a abrir o local, e escoitar ós veciños, as súas ideas e que non queren un local morto, sen luz, e sen calefacción, por eso van ó antigo local social, non é porque non queiran o novo. Os acordos son que se restableza canto antes o subministro eléctrico, que se repoñan os mandos do aire acondicionado e a bomba de calor así como a antena de televisión, e que se programen



actividades para o local social de xeito que os veciños e veciñas poidan disfrutar plenamente desta dotación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do partido do BNG

O sr. Núñez toma a palabra: Bueno imos ver, este Grupo Municipal do BNG, considera falta de toda lóxica, que os mandatarios do Partido Popular de Barbadás, manteñan nunhas condicións efectivamente inaxeitadas, como ben dicides na moción, ao novo local social de Loiro. Si, como dicides, hai que lembrar que foi unha das obras que se incluíra non Plan Estatal y que costara pois centos de miles de euros, máis de 370.000 €, no orzamento de licitación que despois foi superior, é decir, foi unha das obras, a segunda de maior cuantía do Plan-E, que a primeira foi a restauración do casco vello da Valenzá, esta foi a segunda obra, máis de 370.000, no orzamento de licitación, pero da igual, dá o mesmo que foran 370 que foran 50, como veu de Madrid, bueno que máis dá, está aí pechado y punto pelota, e xa está, é decir, y a colación ven pois o que falamos antes do Polideportivo, é decir, hoxe son 35.000, y dame igual que fora a Deputación, que orzamentara, ou que fora a Consellería de Deportes, en todo caso era diñeiro público, y que había que tal, y ahora no que estamos é no Polideportivo, invertindo diñeiro municipal; bueno neste caso non, era un diñeiro que viña do Estado, y que bueno efectivamente, independentemente de quen sexa o pagador, é diñeiro público que debe ser ben xestionado e vostedes pois como o xestionan, pechando o local e téndoo sen calefacción, sen aire acondicionado, sen luz, sen antena de televisión, dá igual; ben, pois hai que efectivamente facer unha programación acaída de actividades para dinamizar o local y polo en valor, pór en valor toda esta problemática que hoxe ten. Efectivamente o problema moitas veces non radica en facer cousas, en facer obras, non radica en porse nun papel é decir, a ver en que vamos enterrar el dinero que non viene del Estado, ¿non?, senón que aparte deso despois trátase de facer, pois unha programación, un mantemento axeitado das cousas, que eso é algo que neste País non se fai, eiquí invertimos as cousas en non sabemos que, y despois pues bueno, ó cabo dun ano queda todo a monte, enterramos o diñeiro aí, esa é a xestión que facemos aquí, non, y nomeadamente en Barbadás, entón pois evidentemente nós votamos a favor, nos parece lexítimo dinamizar ese local que ten unha aira, unha aira de mallar importante no seu contorno, que se puido respectar máis ou menos no proceso de rehabilitación do mesmo, pero entendemos que é de criterio, pois polo en valor, o noso voto é a favor da moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois eu como entendo que esta moción é un pouco para rellenar, porque loxicamente non ten sentido ningún, pois doulle a razón o da electricidade, está en



marcha, os mandos están alí, as actividades de momento estanse planificando da igual que sean alí, que, a que sean alí ó lado, y podrán ser alí desde o momento que teñamos dada de alta a luz, que neste momento polo motivo que vostedes saben, pois non se pudo dar de alta, y estamos pendiente deso; desde o momento que estea dado de alta, os veciños de Loiro actividades si teñen programadas, y podranse facer alí si queren, non hai ningún tipo de problema, y eu creo que deben ser alí, vale, entonces nós como temos en marcha y temos o noso propio plan para ese local, pois vamos a votar en contra, nada máis.

A sra. Presas toma a palabra: Bueno, eu voulle achegar á xente que nos fixo estas queixas, que considera as súas propostas para rechea. Onde están os mandos, usted sabe onde están os mandos do aire acondicionado da calefacción, eu sei onde están.

O sr. Alcalde toma a palabra: Niste momento non o sei

A sra. Presas toma a palabra: Os veciños que acuden ó centro social non teñen acceso directo ós mandos, non teñen acceso directo ós mandos, e o responsable non abre para que esa xente poida coller os mandos. Non fagas así, non, e que ademais a xente non ten que ir a un local solo para facer unhas actividades, a facer manualidades ou a facer ximnasia; a xente quere un local para ir a reunirse, para falar, si vai con nenos a xogar con nenos, a ler contos, a ler revistas, a reunirse, non poden facer eso nese local social.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero desde o momento que teñamos dada de alta a luz si van poder facer eso, e todo o que queiran.

A sra. Presas toma a palabra: No, porque está valeiro

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, como, ten mesas, ten sillas, como que está valeiro

A sra. Presas toma a palabra: Solo ten mesas e sillas, ten libros, ten televisión,

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Vai ter camas?

A sra. Presas toma a palabra: É que esto de verdade que é, non ten nada, e non pode escudarse en que os veciños prefiren o local pequeno, quen non o prefiere, calquera o prefiere

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno en todo caso, o que lle acabo de falar, nós tan pronto estea dada de alta a luz, trataremos de darlle máis contenido, sobre todo

A sra. Presas toma a palabra: Pero por que non está dada de alta a luz

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque é o trámite, que se fai coa Fenosa

A sra. Presas toma a palabra: Pero por que



O sr. Alcalde toma a palabra: Pois porque houbo un problema con Fenosa que se explicou na Comisión Informativa que houbo o outro día

A sra. Presas toma a palabra: Pero eu quero que se explique no Pleno, non se pode explicar aquí

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, pois, que Fenosa no cambio que hubo de empresa, pois houbo un problema co expediente, que traspapelaron o expediente e houbo que facelo de novo, ise é o problema que hai, non hai outro, y tan pronto se ultime y se dea de alta, pois loxicamente, pois se pondrá en marcha, pero doutra maneira, daráselle máis contenido do que ten agora, por eso non se preocupe usted, y esas personas que lle dicen a usted.

A sra. Presas toma a palabra: Eu non me preocupo, porque eu non acudo ó local social de Loiro, pero hai quen si acude e se preocupa

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois voulle decir unha cousa, esas persoas que falan con usted, son precisamente as que non van nunca ó local, seguramente, porque hai un par delas que o único que fan é crítica destructiva, que non quería que se fixera o local, porque era ela presidenta da asociación de veciños, cuando os votaron fóra, y os que viñeron xuntamente co Concello, fixemos posible que eso se fixera y están resentida, esos son os que non van nunca

A sra. Presas toma a palabra: Pero entón, si esta xente nunca vai ó local social, como sabe que se está a levantar a tarima flotante

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu seino, sei máis do que vostede pensa, esos irán cando hai un difunto

A sra. Presas toma a palabra: Vostedes van a actuar cando esté todo desfeito, van a actuar, e mentras, bueno pois esta explicación que deu é a que lle vamos dar nós ós veciños de Loiro, para que sepa o que pensan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Usted poderá darlle a quen queira que os de Loiro coñecen ben a situación y non teñen ningún tipo de problema.

A sra. Presas toma a palabra: Os seus claro que non teñen ningún tipo de problema

O sr. Alcalde toma a palabra: O saben perfectamente ben, y ben contentos que están os de Loiro co local e como funciona, así que olvídesse. Están orgullosos del

A sra. Presas toma a palabra: Todos. Pero senón funciona, que dixo que non funcionaba

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, díxenlle que íbamos a optimizar a parte de arriba, porque a de abaixo, é para o que é.

A sra. Presas toma a palabra: Pero a de arriba non funciona despois de tres anos,



O sr. Alcalde toma a palabra: A de abaixo é para o que é, cando teñamos dada de alta a luz, se vai a optimizar, non se preocupe

A sra. Presas toma a palabra: Pero como houbo luz, tiña que ir alguén a prender a luz

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno xa está, nós vámoslle votar en contra da moción, xa está. Ten algo máis que alegar.

O sr. Núñez toma a palabra: Si bueno, é que resulta absolutamente cómico, valga a expresión, é decir, aquí todo o que trae a oposición é para recheo, non interesa nada, vostedes minten absolutamente pero máis que falan, en todo, é decir, si falamos do polideportivo, si falamos do Centro de saúde, si falamos do Centro de día, si falamos do instituto, do que se fale, absolutamente de todo, todo son falsedades sobre falsedades, absolutamente, por que é que é así, y esto é unha falta absolutamente de xestión, porque lle dá exactamente igual. Ustedes enterran case 400.000 €, que ven de fondos do Estado, para rehabilitar unhos locais que estaban absolutamente derruídos, os poñen aí para ver, absolutamente como estaban, y no le tocan absolutamente para nada, y mantenos aí pechados, sin luz, sin agua, sin calefacción, bueno é que lle da todo exactamente igual y esta é a realidade deste Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben eso é o que usted cre.

O sr. Núñez toma a palabra: No, no, pero é que aquí é a realidade, é o que creo eu y é o que se plasma, é o que se plasma, porque é o que se ve, é decir, calquera que teña ollos na cara vai a ver esto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, si usted o cree así. ¿Ten algo máis que decir?

A sra. Presas toma a palabra: Non é o que vemos nós, é o que ven os veciños de Loiro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois, eu non coincido en nada, desde ese punto de vista, porque a min os veciños non me dicen nada deso.

Bien votos a favor da moción, votos en contra

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción do PSdeG-PSOE para dinamizar o novo local social de Loiro e que se subsanen as deficiencias que presenta.**”

PARTE DE CONTROL

11.-DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA



O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entonces ó seguinte punto que é dación de contas, nada;

12- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas, as preguntas por escrito como dixemos, y os ruegos, a ver.

A sra. González toma a palabra: Unha pregunta solo rápida, aí nas Lamas, quedárades en facer un tema aí no barro, votar unha capa asfáltica alí no barro, si nas Lamas

O sr. García toma a palabra (PP): Si, vaise facer

A sra. González toma a palabra: Cando

O sr. García toma a palabra: Home, hasta ahora estuvo chovendo

A sra. González toma a palabra: Eses 35.000 €, non teñen nada que ver cas Lamas. ¿cando se vai facer, cando se vai a empezar, máis ou menos?

O sr. García toma a palabra: Xa está adjudicada

A sra. González toma a palabra: E empezar cando se vai a empezar, máis ou menos

O sr. García toma a palabra: Foi o mesmo que fixo as aceras de Tomás Rodríguez Punxín.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ó vir o bo tempo que senón levántase

A sra. González toma a palabra: Pero máis ou menos cando se vai a empezar

O sr. García toma a palabra: Vamos a ver esa obra está adjudicada cas aceras da rúa do Viso, e de Tomás Rodríguez Punxín, vai e na mesma obra, e o Plan Provincial, entonces tan pronto agora si se pon bo tempo, en cualquier momento, porque as aceras xa as terminaron

O sr. Fírvida toma a palabra: Si o Concello ten rexistro de cans de raza perigosa, y existe.

O sr. García toma a palabra: Si xa, eu por dous ou tres que entregaron xa documentación

O sr. Fírvida toma a palabra: E cúmprese, ese rexistro e a ordenanza, porque seica non poden andar as persoas maiores con eses cans, nin nenos pequenos, nin facer quedadas polos parques, con eses cans. Eu digo que a ordenanza está moi ben, agora que se cumpla, porque nos cans hai quedadas cans peligrosos, si, que se lle comunique á Policía Local, y que miren.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno hai que avisar á Policía Local e que supervise, seguintes rogos

A sra. Morenza toma a palabra: Eu vou facer varios rogos, remítome, cingome o Regulamento Municipal cando os rogos, os ten que constestar o Alcalde na seguinte sesión.

O sr. Alcalde toma a palabra: Os rogos non hai que contestalos.

A sra. Morenza toma a palabra: Pono o Regulamento.



O sr. Alcalde toma a palabra: Os rogos son rogos.

A sra. Morenza toma a palabra: Entón porque o teñen no Regulamento Municipal, eu teño o Regulamento Municipal na man, e pono textualmente o rogo é unha proposta de actuación que calquera dos concelleiros/as da corporación lle dirixe a algún dos órganos do goberno municipal e formularase no apartado correspondente da orde do día; responderase na sesión seguinte á súa presentación, isto é o que aprobamos eiquí y eu cingome a esto, isto está en rogo

O sr. Alcalde toma a palabra: Os rogos son rogos.

A sra. Morenza toma a palabra: Bueno, pois xa ve que esto é o que se aprobou, e que eu dígollo señor Alcalde, porque eu vou facer rogos, que os podería facer en forma de pregunta, pero fágoa en forma de rogo porque é a máis acaída, e gustaríame que respondera, porque ese rogo conleva unha resposta por parte do señor Alcalde, porque estamos falando de seguridade pública en moitos casos, entonces procedo.

O sr. Alcalde toma a palabra: E si llo podo responder respóndollo e senón non

A sra. Morenza toma a palabra: Claro é que esa é, temos un Regulamento e témolo para cumprir, para unhas cousas e para outras

O sr. Alcalde toma a palabra: Que lle quede claro é que o rogo non é pregunta.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero entonces, pois non vamos a marear, pero unha confusión dun regulamento que foi aprobado en Pleno, home por favor. Bueno por favor, estanme tomando o pelo, mire a min non me toman o pelo, eu procedo a ler os meu rogos, e procedo que o Alcalde conteste na seguinte sesión, tal e como está recollido no Regulamento.

Rogo que se incremente a vixiancia na Estrada de Piñor, par actuar de xeito rápido ante as periódicas perdas de combustible por parte dos camións de gasóleo que teñen a súa sede en Mugares, que se chame a atención á empresa para evitar que se produzan derramamentos de combustible na estrada, hai que ter en conta que se poden producir e de feito xa se produciron numerosos accidentes por mor destes vertidos, supoño que vostedes son coñecedores, porque foille comunicado á Policía Local, e moitas personas teñen tido accidentes que ó mellor non só oficiais, porque non llos comunicaron pero teñen derrapes e saídas de vía.

Segundo rogo que se teña en conta a nivel de seguridade cidadá a situación que están vivindo dende hai anos os veciños do Barrio do Hospital en Piñor, polos problemas de convivencia xerados por un veciño, unhos problemas dos que é coñecedor o señor Alcalde, un veciño chamado Nemesio, agora mesmo non me lembro do apelido, entonces sabe que ten habido agresións nas últimas semanas, ten



habido incluso órdenes de alonxamento, houbo unha agresión contra un traballador deste Concello, por certo, que é veciño do Barrio do Hospital

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, o Pepiño me imaxino, porque é o que vive alí

A sra. Morenza toma a palabra: Si, si, si, entonces ten habido agresións, hai denuncias da Garda Civil, o tema ten estado en xuzgado moitas veces, entonces eu unha vez, informalmente xa llo comuniquei a vostede, que existe unha preocupación no pobo por este tema, porque xa é a nivel de todo o pobo, a xente tenlle medo a ese señor, tenlle medo a ese señor, e recolléronse asinaturas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa ten actuado a Garda Civil varias veces, eu sei

A sra. Morenza toma a palabra: Bueno, por eso nós pedimos que o teña en conta a nivel de seguridade cidadá, a ver si se pode facer algo, porque este tema xa, e incluso agrediu a un menor, non sei si o sabe tamén vostede, agrediu a un menor, e o xuíz decretou unha orde de alonxamento durante un tempo, que logo foi, ó pasar o tempo foi levantada a orde de alonxamento, entón é un tema grave.

O terceiro rogo refírese ó Teniente Alcalde, Manuel García, pedímoslle que respete a el directamente ou a vostede que lle diga, que faga respetar a normativa de tráfico e dea exemplo non aparcando enriba das beirarrúas en plena Valenzá, enriba do seu negocio. E rogamos tamén que o señor Alcalde chame a atención tamén a Policía Local sobre este tipo de feitos porque tamén hai só unhas dúas semanas pasaron por xunto o coche e ían multalo pero ó ver de quen era decidiron non facelo, incluso lle sacaron unha foto de lado e non se lle veía a matrícula, temos unha fotografía señor Teniente Alcalde, entonces pedímoslle por favor que, bueno, eu xa teño fotografías de hai varios anos, e de hai varios anos, de hai varios teño fotografías, ou meses, agora llo enseño, ó terminar o Pleno

O sr. García toma a palabra: Enséñemas

A sra. Morenza toma a palabra: Rogo que se pida ás forzas de seguridade que se incremente a vixilancia tanto de día como de noite, a vixilancia en todo o Municipio, se sobre entende.

O sr. Alcalde toma a palabra: Para eso xa está a Policía Local.

A sra. Morenza toma a palabra: Porque de noite, porque se están roubando colectores de lixo, e incluso mobiliario urbano, bancos, en Piñor roubáronse varios bancos xa do mobiliario urbano, entón por favor que se incremente a seguridade, a vixilancia pola noite, e de día, porque hai só uns días unha persoa foi levada a punta de pistola a unha entidade bancaria, para que sacara diñeiro, eso pasou a semana pasada en plena Valenzá, na rúa do Areal, a un pai dun compañeiro noso, están estas cousas están pasando, tratemos de, ou sendo coñecedores do tema, por eso o traemos aquí, non o traemos para alardear, nin para nada, traémolo para sendo coñecedores do tema, trasladarllo a vostedes que



están gobernando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Supoño que eso o denunciaría a Guardia Civil, eso é grave.

A sra. Morenza toma a palabra: Colectores de lixo e bancos. O da pistola

O sr. Alcalde toma a palabra: Claro hombre, eso é moi grave.

A sra. Morenza toma a palabra: Ó millor a persoa non denunciou, ou o que sea, nós coñecemos de xeito informativa, nós non sabemos si denunciou o non denunciou.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi, mal feito, eso é moi grave.

A sra. Morenza toma a palabra: Eso pasou na Valenzá a semana pasada, nós comunicámosllo despois non boten as mans á cabeza. Pedimos de novo un colector de papel no Paseo dos Amieiros, pedimos de novo unha papeleira na planta do salón de plenos da Casa do Concello, e pedimos de novo que se supriman as barreiras arquitectónicas, da obra, das beirarrúas do Lidl, unha obra que foi entregada recentemente, que xa llo anticipamos nós, que existía unha deficiencia, porque había barreiras arquitectónicas tanto arriba como abaixo, e a obra aínda non fora entregada, agora foi entregada vostedes aceptárona e entón non miraron que había unha barreira arquitectónica, que non se pode ir con un carrito, nin con unha cadeira de rodas eí, hacia o paso de peóns pola acera do lidl, bordeando o lidl, nós dixémosllo

O sr. Alcalde toma a palabra: Quen supervisou foi o Técnico Municipal

A sra. Morenza toma a palabra: Pois nós rogámoslle que por favor que se subsane esta deficiencia, e ademais agora aproveitando que estamos en obras, e que aínda supoño que aínda non entregarían a obra de Tomás Rodríguez Punxín, tamén hai unha barreira arquitectónica, na parte dereita ó final da beirarrúa, así como na rúa do Viso si que é verdade que non, que se suprimiron, aí aínda a sigue habendo, e despois as preguntas que si que mas tería que contestar, e son moi breve:

- ¿Recibiu o Concello de Barbadás unha subvención que solicitou para medidas de aforro enerxético, hai unhas meses?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non

A sra. Morenza toma a palabra: ¿Cando está previsto que se abra o Polideportivo?, ó final aínda non contestou, cando está previsto que se abra ós nosos compañeiros

O sr. Alcalde toma a palabra: Ó acabar esa obra que se está facendo xa se vai a abrir

A sra. Morenza toma a palabra: Pero non hai unha data prevista para, é decir, en maio, en xuño, para

O sr. Alcalde toma a palabra: Home eu creo que en abril



A sra. Morenza toma a palabra: Para facer un pouco de electoralismo. ¿En que momento do proceso de revisión se atopa o plan de urbanismo?

O sr. Alcalde toma a palabra: O plan de urbanismo, se está confeccionando.

A sra. Morenza toma a palabra: Porque levamos con este tema anos e anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Démoslle un prazo incluso para que presenten o traballo.

A sra. Secretaria toma a palabra: Hay un documento firmado con el equipo redactor, que se comprometen a entregar la aprobación inicial antes de abril, antes de finales de abril, o sea, antes de mayo

A sra. Morenza toma a palabra: E xa por último, ¿Cal foi a cuantía e o destino dos xoguetes que se adquiriron na Campaña de Nadal polo Concello de Barbadás?

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso supoño que o Concelleiro o saberá

A sra. Morenza toma a palabra: ¿Cuántos xoguetes? ¿Que destino que se lle deu, e cuantos se adquiriron e cuanto se gastou?. Nós temos entendido que se compraron xoguetes por parte do Concello de Barbadás, para entregar non sabemos a quen se lle entregaron, si a nenos de familias desfavorecidas.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Si te refieres a los Reyes Magos, fueron libros, es que no compramos otros juguetes, a no ser para las actividades que se hicieron, pero si te refieres a lo de los Reyes Magos, no fueron juguetes, fueron libros.

A sra. Morenza toma a palabra: Non eu refírome a xoguetes, eu falo de xoguetes, eu refírome a xoguetes, nós temos entendido que se adquiriron xoguetes para, bueno que nos chegou esa información, e eran xoguetes, é solo unha pregunta, tampouco teño un dato concreto

A sra. Vispo toma a palabra: Para nada, para entregar los Reyes. Espera, si es para las actividades de la Casa de Xuventude te lo damos, hai unha factura, pero son para el juego de la wii, y todo eso, si te refieres a eso.

A sra. Morenza toma a palabra: Nós queremos saber o que se gastou en xoguetes na Campaña de Nadal, facemos a labor de fiscalización que nos corresponde

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿Canto costaron os traxes do entroido que usaron os membros da Corporación e cónxuxes, no desfile?

O sr. Alcalde toma a palabra: Cada un pagou o seu

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ah, cada un pagou o seu.

O sr. Alcalde toma a palabra: O sea que nada, e máis o da miña é de xa tres ou catro anos, si lle



parece ben.

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu teño un rogo, porque despois as palabras lévaas o vento, e eu quero que conste no Pleno. Hai unha grúa, xa o dixen varias veces, e xa o teño comunicado varias veces, na rúa das Burgas, que eses días atrás, cando había temporais cando había ventos, e chovía e facía aire, non paraba de dar voltas e abaneábase, é unha grúa altísima, que sobrevoa por enriba do edificio que está na rúa das Burgas, esa grúa si cae, cárgase todo o edificio, y estou farto de ler Xuntas de Goberno, e non hai, veñen moitas notificacións de reforma de legalidade urbanística, non, que se chama así e nunca vin esa grúa, pois esa grúa o día que caía

O sr. García toma a palabra: Podes ir mirar o expediente abaixo que está

O sr. Fírvida toma a palabra: Vai facer seguir facendo vendavais

A sra. Secretaria toma a palabra: Yo creo que está ya además con el procedimiento de multas coercitivas que lo utilizamos ahora, que es bárbaro, porque en cuanto le amenazas que le vas a tocar el bolsillo, cumplen enseguida

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno senón hai máis nada, levantamos a sesión, moitas gracias e hasta a próxima.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:55 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO